

cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

PRIMAVERA 1996 • núm. 17 • P.V.P. 400 Ptas.




- ◆ O PARLAMENTO ACEPTA A TRÁMITE A INICIATIVA POPULAR CONTRA A INCINERACIÓN E POLA RECICLAXE
- ◆ PORTUGAL, TAN PERTO E TAN LONXE
- ◆ O ARAO DOS CONS: ESTADO CRÍTICO




GUÍA E RUTAS DOS ANCARES

ALEJANDRO GONZÁLEZ ARIAS



GUÍA DE ESPACIOS NATURAIS DE GALICIA

IGNACIO GONZÁLEZ
ROBERTO FERNÁNDEZ
RAFAEL SALVADORES



GUÍA E RUTA DOS ANCARES

Alejandro González Arias

- 30 itinerarios de montaña
- Mapas de ruta e fotografías a cor
- Debuxos de plantas e animais
- Planos de pallozas
- Flora e fauna dos Ancares
- Introducción á cultura dos Ancares

GUÍA E DE ESPACIOS NATURAIS DE GALICIA

*Ignacio González, Roberto Fernández
e Rafael Salvadores*

- Situación e descripción de 48 espacios naturais galegos
- 48 fotografías en cor e máis de cen debuxos en branco e negro
- Mapas de detalle
- Flora, vexetación fauna, singularidades
- Estado de conservación e propostas de mellora
- Índice de topónimos
- Bibliografía

galaxia

DIARIO Nº 1 DE GALICIA

Sua Voz de Galicia

Era xa sintomático o que algún inquérito nos anunciaba: unha maioría mostra-se mais receptiva aos postulados ecoloxistas que aos que se transmiten desde outras instancias. De dúas décadas de sementeira non se podía esperar menor colleita.

Vencendo os propios medos, encontra-se o movemento ecoloxista cunha segunda Iniciativa Popular presentada no Parlamento, e superando con moito as asinaturas necesarias.

O tema (o lixo) era desta vez moi cercano á xente, que desexa unha saída racional aos seus residuos, para que cada fogar non sexa un pequeno foco de contaminación, para que a vida non se nos imponha ligada inevitavelmente ao despilfarro.

Desde CERNA temos feito un contributo importante nesta sensibilización, artigos de grande solidez, de destacados especialistas no tratamento de residuos, foron publicados en distintos números. Artigos que nos consta foron de utilidade na formación de moitas persoas, mas tamén nas tarefas de divulgación de varios grupos, así como en traballos escolares. Ficamos obrigados cos seus autores e con todos os que contribuídes na súa difusión.

É este, pois, un momento para o optimismo: 50.000 asinaturas avalan a madurez das ideas, a solidez dos aliados nos que asentar un edificio mellor organizado, no que CERNA terá un cuarto aberto e soalleiro. Esa é tarefa de futuro, nela estamos. ■

Actualidade

- 2 **Unha sentenza contra a dignidade da reivindicación ecoloxista**
- 3 **O conflito da praia da Lanzada**
por Luís Rei-Emilio Ínsua
- 5 **¿Para cando a recollida selectiva de pilas?**
- 6 **"Informe Niell": Unha nova mentira de "Celulosas"**
por Antón Masa
- 7 **O Parlamento acepta a trámite a Iniciativa Lexislativa popular contra a incineración e pola reciclaxe**

Opinión

- 9 **Fruitopía**
por Celsa Formoso Martínez

Impacto ambiental

- 10 **Adega pronuncia-se en contra da autoestrada Santiago-Ourense**
- 12 **Unha avaliación de impacto ambiental realmente impactante**
por Santiago Ortiz

Portugal

- 14 **Portugal, tan perto e tan lonxe**
por Xosé Veiras

A nosa fauna

- 20 **O arao dos cons. Estado crítico nas costas ibéricas**
por Amadeo Pombo Eirín

O meio natural na historia

- 23 **A preocupación pola escasez de recursos mariños**
por A. Fraga Vázquez

A natureza na literatura

- 25 **A voz natural dun "Labrego con algo de poeta" (e V)**
por Emilio Xosé Ínsua

Actividades

29-30

Livros

- 31 **Introducción a la historia de las aguas minerales de Galicia**
- 31 **Espacios naturales de Galicia 1**

NOTA: No anterior número de Cerna omitiuse a Elvira Cienfuegos como autora do "Roteiro", e figuraban como autores en "Actividades" Jesús Pereira e Antón Masa, sendo notas de redacción.

Cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E
MEDIO AMBIENTE

Rua de Touro 21-2º
15704-Santiago
Tlf. 981-570099
Fax. 981-570099

CONSELLO DE REDACCIÓN

Joam Carmona, Elvira Cienfuegos,
Concha Fernández, Emilio Insua,
Santiago Ortiz, Xesús Pereiras,
Pepe Salvadores, Manuel Soto,
Tito Soto

EDITA

ADEGA (Asociación para a Defensa
Ecolóxica de Galiza). Maio de 1996.

Tanto en artigos como noutras colaboracións,
respeita-se a normativa linguística do autor.

CERNA non se fai copartícipe, necesariamente,
das ideas, opinións e afirmacións dos autores.
Todo o material da revista pode ser reproducido
sempre que se cite a fonte.

CERNA edita-se en papel reciclado 100%, para pre-
servar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo.

COLABORADORES GRÁFICOS

P. Salvadores, C. Rodríguez Silvar,
M. Soto, J. Rodríguez Oubiña, Andrade,
X. Marín, A. Pombo, José Gualdino

DEBUXO DA CAPA

Carlos Rodríguez Silvar

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA

P. Salvadores

DESEÑO E FOTOCOMPOSICIÓN

Liña Preimpresión S.L.
Senra, 3-3º D Santiago

FOTOMECÁNICA

4-Cromía

IMPRIME

Imagraf (Tfno.: 57 79 57)

Depósito legal: C-913-1986
ISSN: 1136 - 2677

A DEFENSA DO MIÑO

UNHA PATADA, TRES COSTELAS ROTAS, DOUS MESES DE ARRESTO E CEN MIL PESETAS DE MULTA

UNHA SENTENCIA CONTRA A DIGNIDADE DA REIVINDICACIÓN ECOLOXISTA



Denunciar a especulación urbanística que amenaza, en Lugo, ás beiras do Miño non debera ser tan só unha reivindicación ecoloxista, senón, ao mesmo tempo, económica e social, asumida mesmo, -como está a ocorrer hoxe en case todas partes-, por todas as institucións políticas e sociais. Non resulta, polo tanto, nada doado de entender que a colocación dunha pancarta no balcón do Concello reivindicando unha ZONA VERDE E RECREATIVA PARA AS BEIRAS DO MIÑO

◆◆◆
A nova depuradora non desculpa a ninguén de seguir esixindo o Saneamento Integral de toda a conca do Miño, pois, ante a gran variedade de residuos industriais que chegan ao río sen depurar, pouco poderá facer a nova depuradora, se antes non se procede ao saneamento do Miño.
◆◆◆

puidera dar lugar, no verán de hai dous anos, a que un policia local agredise cunha patada ao membro da Plataforma pola Defensa do Miño, -e membro tamén de ADEGA-, Daniel López Vispo, co resultado de tres costelas rotas. Difícil de entender tamén que a Administración de Xustiza viñese a lexitimar a actuación do policia, -e da equipa de Goberno Municipal que deu por boa tal actuación-, condenando ao noso compañeiro a dous meses de arresto maior e 100.000 pesetas de multa por delito de resistencia; mentres para o policia, -a

pesar de tan brutal patada, totalmente intencionada-, a penas dous meses de arresto menor, por faltas de lesión.

En resumo, unha sentenza contra a dignidade de todos cantos, como o compañeiro Daniel Vispo, traballamos na defensa do noso entorno natural e ecolóxico, na defensa ecolóxica de Galiza. Con el a solidariedade de todos nós.

XA HAI DEPURADORA DE AUGA POTABEL...

PERO O SANEAMENTO DO MIÑO AINDA NON CHEGOU

Que na cidade de Lugo, ás mesmas beiras do Miño, non se puidera beber a auga da traída debera ter escandalizado a calquera goberno municipal, provincial ou autonómico. Non foron sen embargo, as institucións, senón os mesmos cidadáns, a través da Plataforma pola Defensa do Miño, os primeiros en denunciar esta situación. Por fin, despois de catro anos de reivindicación e promesas, Lugo ten xa nova depuradora.

Indubidabelmente que a súa máis moderna tecnoloxía vai facer que a auga de Lugo mellore notabelmente. Sen embargo, -como ten manifestado xa a Plataforma pola Defensa do Miño-, a nova depuradora non desculpa a ninguén de seguir esixindo o Saneamento Integral de toda a conca do Miño, pois, ante a gran variedade de residuos industriais que chegan ao río sen depurar, pouco poderá facer a nova depuradora, se antes non se procede ao saneamento do Miño.

Tal saneamento é tanto máis necesario, canto que a recentemente inaugurada depuradora está xa anticuada no que respecta á nova Directiva que a Comunidade Europea prepara sobre a calidade da auga potábel. Será preciso, dende logo, reducir notablemente a carga de materia orgánica no Miño, -procedente na súa meirande parte dos vertidos industriais e urbanos-, se se quere que a auga que sae da depuradora non sobrepase as cantidades de trihalometanos previstas na nova directiva. A perigosidade destes trihalometanos, que se forman por reacción do Cloro (utilizado para a desinfección) coa materia orgánica da auga, xa viña sendo denunciada dende hai tempo pola mesma Organización Mundial da Saúde, quen xa tiña advertido do seu poder canceríxeno e carcinóxénico.

Así pois, pola saúde do río e pola saúde de todos nós, necesitamos seguir esixindo do Sr. Cuiña, e das demais administracións implicadas, o SANEAMENTO INTEGRAL DO MIÑO. Pode ser para a próxima campaña electoral?. Benvido sexa. ■

O CONFLICTO DA PRAIA DA LANZADA

Por LUÍS REI-EMÍLIO ÍNSUA

É ben coñecida a importancia bio-xeolóxica do istmo da Lanzada e do complexo intermareal Úmia-Ogrobe. Tamén é sabido que a praia da Lanzada constitúe un dos principais atractivos turísticos, se non o máis importante, da comarca do Salnés. Xustamente por estes dous motivos, ecolóxico e económico, é difícil manter o necesario equilibrio de intereses e resulta relativamente doado que prenda a faísca da discórdia e até do enfrontamento.

Desta volta o detonante foi a decisión da Dirección Prov. de Costas de acometer un plano de rexeneración do istmo. Este plano afecta máis á fronte dunar da beiramar que á zona de marismas do Bao. Entre outras medidas, contempla a supresión da estrada que corre paralela ao areal da Lanzada. Xa con anterioridade diversas organizacións ecoloxistas tiñan advertido os perniciosos efectos desa estrada sobre o complexo dunar. As súas impresións foron corroboradas logo cientificamente por estudos como o realizado pola Deputación de Pontevedra.

O proxecto da Dir. Prov. de Costas pretende conxugar as dúas vertentes que sinalábamos antes: desfrute e conservación. As actuacións que inclúe poden resumirse deste xeito:

1) levantar a estrada que corre paralela á praia sobre as dunas;

2) construír unha estrada alternativa sobre un camiño pre-existente, entre dunas interiores bastante deterioradas na actualidade. Neste senso, cómpre dicir que esta nova estrada non tería un impacto ambiental tan forte como a que ten a estrada paralela á praia, mais tampouco deixaría de telo...

3) habilitar a actual pista de aterraxe como aparcamento para máis de mil vehículos e construír outro no extremo sur do istmo, este con capacidade para seiscentos vehículos. Estas zonas de aparcamento irían dotadas cos correspondentes servizos sanitarios, de socorro, etc. É evidente que esta actuación non está exenta tampouco de impacto ambiental..

4) construír paseos de madeira pola beira da praia (digamos ao estilo "californiano"), en tres tramos que non enlazan entre si.

Hai agora aproximadamente ano e medio, o proxecto púxose a exposición pública nos dous concellos afectados, Ogrobe e Sanxenxo. No prazo legalmente marcado, presentaron alegacións o Colectivo Ecoloxista do Salnés, a Sociedade Galega de Historia Natural e algúns colectivos hosteleiros. Dous grupos políticos grobenses, PSOE e BNG, transmitíronlle suxerencias á Dirección Provincial de Costas. Nesta orde de cousas, hai que salientar que nin o anterior grupo de goberno municipal de Ogrobe (formado por AVI e PP) nin os colectivos que hoxe conforman a autodenominada "Plataforma para a defensa da praia da Lanzada" fixe-



ron calquer tipo de alegación ou suxe-
rencia...

A situación actual é, "grosso modo", esta: as obras están adxudicadas e a piques de comezar. O Proxecto conta co apoio, matizado, dos grupos ecoloxistas da zona. O PSOE (grupo que está no goberno nos dous concellos) e mailo BNG (na oposición), apoian o Proxecto. Completamente contrários a el amósanse AVI (un grupo de independentes de dereitas), Esquerda Unida, os Independentes do noutrora dirixente do neonato PG "Chesqui" e mailo PP, así como unha dúcia de asociacións de toda índole (veciñais, profesionais, deportivas, hosteleiras, etc.), que teñen constituído unha "Plataforma". Os seus argumentos, ás veces dificilmente separábeis da desinformación e da confusión, poden resumir-se así:

1) Costas non cumpreu co procedemento regulamentario para este tipo de actuacións. Compre comezar de cero outra vez.

2) A estrada non perxudica ás dunas; se están estropeadas é pola acción humana. Hai que impedir o estacionamento nas dunas, pero deixar a estrada como está.


◆◆◆
**Xa con anterioridade
diversas
organizacións
ecoloxistas tiñan
advertido os
perniciosos efectos
desa estrada sobre o
complexo dunar. As
suas impresións
foron corroboradas
logo cientificamente
por estudos como o
realizado pola
Deputación de
Pontevedra.**
◆◆◆

3) a desaparición da estrada fará diminuír o número de usuarios da praia e iso repercutirá negativamente na economía de Ogrobe. Ademais, a vila quedará peor comunicada con esta supresión.

4) Sanxenxo poderá urbanizar no entorno da nova estrada e, por tanto, poderá construír máis dependencias hosteleiras e de ocio que lle farán competencia ao sector turístico de Ogrobe e lle restarán clientela. O Proxecto sería, xa que logo, unha manobra para beneficiar a Sanxenxo e prexudicar a Ogrobe...

Para completar este panorama complexo (e un tanto crispado de máis ultimamente), hai que facer referencia aínda a un colectivo tamén oposto ao Proxecto. Trata-se dos Comuneiros da parroquia de Noalla (Sanxenxo), que amosan a súa oposición, en primeiro lugar, por un problema de titularidade dos terreos afectados, que reclaman como propios. Esta reivindicación, ao que parece, está en vías de solución. Máis difícil de contentar é este colectivo no tocante á súa segunda obxección ao Proxecto. Este contempla a conexión da nova estrada coa "Prolongación da Via Rápida do Salnés". Se iso fose así, quedarían abortadas as posibilidades de edificar a ambos lados da nova estrada, ou noutras palabras, os terreos propiedade dos comuneiros nunca xerarian as suculentas ganancias que si lles posibilitaría o gozaren dunha ampla marxe de edificabilidade...

O clima de crispación que algúns están atizando propositadamente no conflito da Lanzada non fai presaxiar nada bon (a instalación das primeiras casetas dos obreiros foi acompañada acto seguido dun atentado con cócteles molotov). Certos grupos e algúns meios de comunicación tentan impedir, polo que se ve, que se desenvolvan e predominen os dous elementos claves para unha resolución racional e democrática do conflito: o diálogo entre as partes e a información ao conxunto da poboación. O futuro deste espazo tan singular e tan valioso está, desde logo, en xogo. ■



O-DEZASEIS
• Casa de Xantar •

Rúa de San Pedro 16
15703 Compostela • Tlf. 981 57 76 33



TARASCA
entremuros 13
Compostela

**ENSEMBLE PROTEGEONS
NOTRE
ENVIRONNEMENT
RECUPERONS TOUTES LES PILES**



Anque quantitativamente as pilas representan unha porcentaxe moi pequena do lixo (da orde do 0,15%), son moi importantes desde o punto de vista ambiental polo seu contido en substancias altamente contaminantes (mercurio, cadmio,...). Pesie ó silencio das Administracións, o labor dos grupos ecoloxistas, cabo do de difusión dos medios de comunicación, xeraron unha alta sensibilidade social sobre o tema, da que é proba a activa resposta que acompaña calquer intento de recollida selectiva de pilas. A esta ten que seguir, inevitablemente, a valorización (ou, cando menos, inertización) do contido das pilas, e como, ata o de agora, as Administracións, ou non o facían, ou o dificultaban, os sucesivos intentos resultaban frustantes, máxime cando as pilas, xa xuntas e nun lugar inadecuado, convertíriáanse nun foco aínda máis importante de contaminación que o seu vertido por separado.

A Directiva 91/157 CEE instaba ós Estados membros a adoptar medidas relativas á comercialización, recollida e valorización ou eliminación das pilas, con programas revisables cada 4 anos e que deberían establecerse a partir do 18 de marzo de 1993. Pero houberon de pasar 3 anos para que o Estado Español establecera os mecanismos propostos nesa Directiva Comunitaria; por fin, o BOE do 24 de Febreiro deste ano de 1996 publicaba o Real Decreto 45/1996 polo que se regulan diversos aspectos relacionados coas pilas e acumuladores que conteñan determinadas materias perigosas. Nel sinálase a prohibición de comercialización de aparatos nos que o usuario non poida extraer facilmente as pilas, obrígase a un mercado que inclúa o contido de metais pesados e a súa recollida por

¿Para cando a recollida selectiva de pilas?

separado, e responsabiliza ós órganos competentes das Comunidades Autónomas e entidades locais da recollida selectiva, da información ós consumidores e da elaboración de programas de redución do contido de metais pesados nas pilas e do tratamento final destas.

O Real Decreto xa entrou en vigor. ¿Estarán as Administracións locais e autonómica preparando campañas de recollida selectiva de pilas? ¿Seremos, por fin, receptores de campañas oficiais respecto ós perigos que entraña a súa eliminación incontrolada e facilitarannos contedores suficientes? A Xunta de Galicia (Consellería de Industria) anunciaba en Febreiro do ano pasado a distribución nese mesmo ano de 3803 contedores para pilas entre os concellos galegos. Non parece que os contedores chegaran ós seus destinos, e a maioría dos Concellos non parecen preocupados por ofrecer unha recollida selectiva das pilas. ¿Ata cando haberá que esperar? ■

Colección BAHÍA VERDE

O papel da natureza.

LIBROS PARA AMAR O PARAÍSO

Guía das Aves de Galicia / C. Pedreira, X.M. Penas e C. Silvar

Baldaio: Espazo natural protexido / Coord. C. Vales, C. Fraga

O Forgoselo / C. Vales

Espacios Naturais de Galicia. A Coruña. / C. Caramelo, P. Martínez, S. Reiriz, E. Vales

Guía did. de fungos e cogumelos de Galicia / Ch. Gómez, A. Franco

Guía did. da flora e vexetación de Galicia / E. Niño

Guía did. de árbores de Galicia / E. Niño

Guía did. dos feitos de Galicia / E. Niño

Guía did. da contaminación atmosférica / R. Varela

Ecosistema mariño: o intermareal / J. Del Río, S. Picos, V. Varela, A. Veiga

Ecosistema mariño: o infralitoral / J. Del Río, S. Picos, V. Varela, A. Veiga

Baldaio. Productividade natural / ADEGA

Os bosques atlánticos europeos / Coord. C. Vales

Os residuos na Galiza / R. Varela, X. Pedreiras, M. Soto

Aprendendo coas aves / C. Pedreira e C. Silvar



BAHÍA
EDICIONES

Píde-os na túa librería.

Ou chama a Bahía Edicións. Tlf. (981) 28 81 25

O "INFORME NIELL" UNHA NOVA MENTIRA DE "CELULOSAS"

Por ANTÓN MASA

Tivo este ano o "entroido" pontevedrés un comenzo diferente: a presentación á prensa por parte de CELULOSAS dun suposto Informe sobre "Medio ambiente, impacto y cambios históricos en la Ría de Pontevedra", realizado por Xavier Niell; forma parte esta presentación dunha nova Campaña de "lavado de imaxe" que o contaminante complexo industrial de Lourizán ven desenvolvendo nos últimos tempos.

Convén lembrar, en primeiro lugar, que o Sr. Niell, catedrático de Ecoloxía na Universidade de Málaga e Director dun consulting medioambiental que traballa para ENCE, foi un dos "homes de CELULOSAS" no extinto "Comité Científico para o seguimento e control do Convenio ENCE-COTOP". Trata-se, xa que logo dun informe pagado pola CELULOSA e feito por un dos seus homes de confianza, circunstancias que invalidan en moi boa medida as conclusións que del se poidan tirar.


En calquera caso, resulta sorprendente o pouco rigor na presentación feita aos medios de comunicación; o señor Niell non ofreceu na súa rolda de prensa ningún dato analítico no que basear a súas conclusións; limitou-se a tirar conclusións que -pola razón exposta- resultan totalmente gratuitas.

Sen desbotar a posibilidade de facer unha análise máis exhaustiva de chegarmos a dispor do Informe na súa totalidade, ten certo interese analizar algunha destas conclusións.

Fai-se especial fincapé no Informe na suposta recuperación da Ría e do banco marisqueiro dos Praceres (afectado directamente polos vertidos do Complexo) nos últimos seis anos "coincidindo -afirma Niell- coa modernización tecnolóxica da fábrica". Esta afirmación é un recoñecemento explícito -nunca admitido até agora pola fábrica- non só do estado de degradación da Ría e do banco de marisco, senón tamén **da responsabilidade directa que os vertidos do complexo teñen nesta situación**. Dito doutro xeito, **están admitindo o delito ecolóxico cometido polo complexo desde a súa instalación até o ano 1990**, pero o certo é que, ademais, a situación non ten mudado no fundamental: sigúese a producir este delito ecolóxico.

Contrariamente ao que di Niell ("O banco marisqueiro está a tope"), o certo é que a mortandade do marisco cada volta é maior, e resulta difícil conquistar que oos bivalvos sementados medren; así o pouco tempo despois o patrón maior da confraría de San Telmo ("Diario de Pontevedra" do 10 de marzo).

Fala Niell de que "algúns valores no vertido da CELULOSA son normais" (cita DQO, Sólidos en suspensión, Nitratos, Nitritos e Amonio) aínda que admite que "para outros (DBQ entre eles) ten-se producido tan só unha redución"; isto implica que -



cando menos- o Complexo incumpre a lexislación para DBO, e entra en clara contradición cos resultados da empresa WEL (Wallace Evans I.t.d.) para o ano 1995, que indican que os valores para sólidos en suspensión tamén incumpren o convenio ENCE-COTOP. Hai que subliñar, ademais, que o Informe WEL para este mesmo ano manifesta claramente que **"os vertidos do complexo incumpren a lexislación comunitaria para a práctica totalidade dos parámetros"**, razón pola cual a Xunta de Galicia mantén a proibición da conexión destes vertidos ao emisario. Unha volta máis, os dados analíticos imparciais da WEL, deixan aos responsabeis da CELULOSA no seu lugar: **siguen mentindo como fixeron sempre!** Pero algunhas das conclusións, pola falta do máis mínimo fundamento, resultan especialmente inaceptábeis:

deduce Niell que "os vertidos urbanos contaminan máis que os vertidos de ENCE". Isto tan só é certo para a contaminación microbiolóxica, que é exclusiva dos vertidos urbanos; non se pode falar de contaminación en abstracto!. Tentan confundir á xente coas mentirasde sempre, pero todo o mundo sabe que eso non é certo, que a contaminación problemática na nosa Ría, a contaminación perigosa para o medio ambiente e para a nosa saúde é a provocada polo complexo ENCE-ELNOSA; e non é que o digamos nós; a propia Xunta de Galicia -por boca do seu Subdirector Xeral de Obras Hidráulicas, D. Agustín Hernández- o ven de dicer este 21 de marz; confirma nas súas declaracións o Sr. Hernández, que **"a Ría de Pontevedra é a máis contaminada das galegas e non precisamente polos vertidos urbanos"**. Sobran comentarios!.

Xa por último, resulta do maior interese contrastar a "profunda reflexión" de Niell sobre a conexión dos vertidos de ENCE ao emisario: (non sería negativo, aínda que non podería asegurar que fose positivo) coa posición da WEL ao respecto, que a considera **"totalmente negativa"** e recomenda **"que non se autorice a conexión pola fonda repercusión negativa que tería sobre a Ría en xeral e sobre a riqueza marisqueira en particular"**.

En resumo, CELULOSAS tenta -a toda costa- enganar á xente, e tenta face-lo de todos os xeitos posibles, como cando fala da riqueza que xenera, dos postos de traballo,... Como cando fala de que vai traer unha papeleira que vai criar (unha volta máis, como hai 30 anos!) montes e moreas de postos de traballo. ENCE decatou-se de que é máis barato (e ás veces máis eficaz) convencer á xente de que cumpre a lexislación, que realmente pór os medios para cumprila. Pero en Pontevedra temos memoria e xa non cola!.

O PARLAMENTO ACEPTA A TRÁMITE A INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR CONTRA A INCINERACIÓN E POLA RECICLAXE

Con mais de 50.000 sinaturas recollidas, e 41.398 declaradas válidas pola Xunta Electoral, esta ILP ecoloxista será tratada proximamente no Parlamento Galego como a iniciativa con maior apoio popular. Diversas actividades de reivindicación da reciclaxe e de denuncia dos graves problemas ecolóxicos, sanitarios e económicos que a incineración conleva precederán á súa lectura. Entre as actividades inclúese unha manifestación en Santiago de Compostela para o próximo 9 de xuño.

A Comisión Promotora salientou a boa acollida por toda a poboación galega desta iniciativa, así como por numerosas organizacións e colectivos preocupados pola degradación do medio ambiente e o problema do lixo. A C.P. agradece ás diferentes organizacións que apoiaron economicamente e co seu traballo a recollida de sinaturas e toda a campaña de concienciación social parella. Recordamos que estas organizacións son as seguintes: AGENG (Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza), APDR (Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra), Arco Iris (da Coruña), BNG (Bloque Nacionalista Galego), CIG (Confederación Intersindical Galega), CC.OO. (Comisións Obreiras de Galicia), FAC (Federación de Asociacións Culturais de Galiza), GN (Galiza Nova), SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural) e SLG (Sindicato Labrego Galego). Asimesmo, recoñecemos a contribución especial aportada polos CAF (Comités Abertos de Facultade) e o MEU (Movimento Estudiantil Galego), e nomeadamente pola Asociación de Viciños de Cerceda en Contra da Incineración e pola Plataforma de Ordes en contra da incineración.

A continuación, CERNA recolle un artigo de Manuel Soto Castiñeira, coordinador da Comisión Promotora da ILP.

NON A CONTAMINACION GRATUITA DA INCINERACION

Xa no verán de 1994 mais de cincocentos médicos e outros profesionais galegos da súde fixeron un pronunciamento contra a incineración do lixo, polos seus graves efectos para a saúde. No pasado outono, 50.000 cidadáns galegos apoiaron coa súa sinatura unha **Iniciativa Legislativa Popular** que

◆◆◆
Esta iniciativa conta co apoio da práctica totalidade do movemento ecoloxista galego, así como de organizacións sindicais, culturais e xuvenís, entre outras. Ademais de prohibir a incineración dos residuos, propón alternativas baseadas na recollida selectiva en orixen e nas 3 R (Redución, Reutilización e Reciclaxe)
 ◆◆◆

levará proximamente ao Parlamento Galego unha *Proposición de Lei de tratamento adecuado dos residuos e de prohibición da incineración do lixo e dos residuos tóxicos e perigosos*. Esta iniciativa conta co apoio da práctica totalidade do movemento ecoloxista galego, así como de organizacións sindicais, culturais e xuvenís, entre outras. Ademais de prohibir a incineración dos residuos, propón alternativas baseadas na recollida selectiva en orixen e nas 3 R (Redución, Reutilización e Reciclaxe) que hoxe son perfectamente viábeis como demostran as

realizacións noutros países e en varias comunidades do Estado Español. Non é necesario esperar mais, cando segundo sondaxes recentes (La Voz de Galicia) o 85% da poboación galega está a favor de participar na recollida selectiva e na reciclaxe. Porén, as propostas e os intereses da Xunta continúan por outros camiños.



Desde a década dos oitenta a Xunta ven propondo a incineración como a panacea que resolverá todos os problemas do lixo. O Plan de 1989 contemplaba unha incineradora para o lixo de Vigo e outra para o da Coruña. As protestas da poboación viguesa levaron á reformulación do Plan en 1992: pasou-se a unha única incineradora, a situar Cerceda, nunha comarca rural, agrícola e gandeira, onde non imaxinaban atopar resistencia da poboación. Pero no trascorrer dese tempo descubriu-se a presenza de dioxinas no fume das incineradoras (1986) aumentando a preocupación polos efectos venenosos das mesmas; prohibiu-se a comercialización do leite e carne de granxas afectadas polos fumes das mesmas (Holanda, 1990); en diferentes países europeos pecharon-se numerosas instalacións que viñan funcionando desde hai anos; e mesmo se aprobaron moratorias nos plans de incineración en países como Alemaña, Holanda, Canadá, California, etc.

O Plan de RSU da Xunta nasce caduco e anticuado. A implicación das incineradoras en graves problemas de saúde fixo preciso dota-las de custosas instalacións de depuración de fumes. Isto convertiu á incineración na alternativa mais cara, até o punto de que en Holanda e Alemaña incinerar unha tonelada de lixo custa entre 16.000 e 20.000 ptas. Mentres, a Xunta di que a incineradora de Cerceda contará coas mellores tecnoloxías ambientais, pero propón aos concellos un canon de incineración entre 4.000 e 5.000 ptas por tonelada: deduce-se delo que ou tais medidas de depuración están muito por debaixo das europeas, ou se trata dun prezo político de promoción que, unha vez enganchados os concellos, podería duplicar-se ou triplicar-se.

É caduco asimesmo por ir contra as tendencias europeas a favor da reciclaxe: Alemaña fixou o obxectivo de reciclar mais do 70% dos envases e embalaxes (plásticos, papel, vidro, metais...) para 1995; diversos países europeos instalaron sistemas similares ao punto verde alemá; mesmo Catalunya aprobou unha lei en 1993 que regula a recollida separada da fracción orgánica do resto do lixo e establece obxectivos progresivos de reciclaxe.

A incineración é incompatíbel coa reciclaxe, e significa a destrución de materias primas (papel e plástico, fundamentalmente) que na Galiza atinxen un valor próximo aos 8 mil millóns de ptas nos mercados de reciclábeis, ao tempo que o Estado Español importa residuos deste tipo por valor de 80 mil millóns de ptas anuais. Estas materias primas son fundamentais para a implantación de industrias de reciclaxe, e para criar emprego. **Se en Europa traballan unhas 90.000 persoas directamente na reciclaxe de papel, ¿como se pode**



plantear queimar toda esa riqueza?. O lixo encerra importantes recursos, que a poboación está disposta a axudar a recuperar, para o que só falta o apoio da administración. Pero ao contrario, o Plan da Xunta pon en mans de FENOSA e dalgunhas multinacionais o negocio do lixo, que extraerá aos concellos galegos, e por ende aos cidadáns, non menos de 5.000 millóns de pesetas cada ano para subfragar unha tecnoloxía allea e contaminante. Con bastante menos diñeiro, as pequenas empresas galegas poderían facer-se cargo da reciclaxe do lixo, creando ademais numerosos postos de traballo, hoxe tan necesarios. A Xunta semella non o ver, e prefire cerrar o camiño a creación ou expansión destas empresas.

◆◆◆
A incineración é incompatíbel coa reciclaxe, e significa a destrución de materias primas (papel e plástico, fundamentalmente) que na Galiza atinxen un valor próximo aos 8 mil millóns de ptas nos mercados de reciclábeis, ao tempo que o Estado Español importa residuos deste tipo por valor de 80 mil millóns de ptas anuais.
◆◆◆

Pero ante todo, a incineración significa unha contaminación gratuita, do ar que respiramos, e dos alimentos que consumimos. De levar-se a cabo, a futura incineradora de Cerceda converteríase no principal foco contaminante do noso país, emitindo substancias tan perigosas como metais pesados e dioxinas, aliás dos gases ácidos e outras. A instalación da incineradora en cerceda é incompatíbel coa produción de alimentos (leite, carne, hortalizas) sans: a acumulación de tóxicos na cadeia trófica será causa de cancro e malformacións, ou do deterioro do sistema inmunolóxico. En definitiva, unha contaminación gratuita, na que non se nos vai ningún posto de traballo. ■

FRUITOPÍA

Por CELSA FORMOSO MARTÍNEZ

Hoxe estamos nun periodo de crise total ou de cambio total desencadeado por:

1.- O reparto desigual da riqueza: a un cuarto da poboación mundial sóbranos e malgastamos. Os trescuartos restantes carecen do imprescindible para viviren.

2.- A sensación de estarmos destruíndo o noso planeta: Contaminámolo, convertémolo nun ermo, provocámoslle un cambio climático perxudicial, un burato de ozono..., e todo istí facémolo a cuarta parte da poboación mundial, rica e estudiada.

3.- A conciencia de que a terra é limitada: A economía baséase na utilización dos recursos naturais, e estes son limitados, non poden medrar ilimitadamente; nunha terra finita estes teñen un fin.

Cálculos científicos revélanos que a enerxía que se pode extraer do ecosistema terrestre pódese multiplicar por catro, pero non por máis. Polo tanto, esta crise ou cambio que os países "civilizados" facemos é consecuencia do noso modelo "consumo maior" igual a "meirande cualidade de vida".

Coñecémolo, pero ¿cambiamos as nosas actitudes? ¿estamos dispostos a prescindir de algo que consumimos?

O cambio de actitudes do feroz consumo actual pódese resumir no que dicía o Dr. Grande Covián: "E máis doado cambiar de relixión que de hábitos de consumo" (E el referíase só ó consumo de alimentos). Coido que nos nosos días isto poderíase trasladar a toda clase de consumo.

Todo isto lévanos a certas consideracións:

-¿Estamos dispostos a trasladarnos en transportes colectivos, ou a pé, ou en bici ó traballo, lugar de estudo...?

-¿Estamos dispostos a non consumir tanta calefacción, e a illar mellor as nosas vivendas?

-¿Estamos dispostos a comer alimentos sen conservantes, colorantes...?

Este verán bombardeáronnos nos medios de comunicación cunha nova bebida refrescante, a Fruitopía.

Témolo difícil, pero a moitos ocorréuselles unha distinta (Fr)-"uitopía", "o Desenvolvemento sostible":


Hoxe temos un mundo en común,

coñecemos ó momento as situacións de distintos lugares do mundo e temos que buscar un Proxecto Común que nos provoque "O Troco" que nos esixe a sensación de "crise" (valores).

A Fruitopía consiste en lograr un desenvolvemento rápido dos países pobres e un consumo máis racional e solidario nos ricos, de modo que, sen perder cualidade de vida, permitamos ós outros lograla. Dado que o ecosistema terrestre é limitado, temos que consumir menos e mellor, para que chegue a todos, sen necesidade de traslados

masivos de poboacións duns lugares a outros lonxanos, de culturas e valores diferentes, que nin entenden nin comparten. Nós acadarémolo trocando os nosos valores: a nosa meta non pode ser consumir máis senón consumir mellor e de forma solidaria, un troco global, para un mundo máis coherente e solidario.

Os civilizados, esa cuarta parte culta, e desde logo responsable do que aquí na terra ocorre, deben trocar os seus valores éticos. A terra é de todos, pero o que nela hai tamén. Só consumíndoa de forma razoable, esta poderá sosterse. Ademais, cómpre que se sosteña toda, coa súa diversidade. A ver se neste inverno non só consumimos esa xa famosa Fruitopía, senón que tamén consumimos esta nova "Utopía do Desenvolvemento Sostible". ■



ADEGA PRONUNCIA-SE EN CONTRA DA AUTOESTRADA SANTIAGO-OURENSE

AS DEFICIENCIAS DO EIA

O trazado da autoestrada proposta discorre mais ou menos paralelamente coa N-525, circunvalando Bandeira, Silleda e Lalín polo Sul. O presuposto previsto é de 48.234,3 millóns de ptas. Dous dos tramos carecen de alternativas de trazado que poidan ser comparadas, e carecen ademais de avaliación do impacto ambiental de tipo algún, incumprindo a lexislación relativa á Avaliación de Impacto Ambiental

O EIA considera de pouca importancia o efecto barreira, e non prevé pasos para animais, nunha zona que non só é paso frecuente de lobos (zona do alto de Santo Domingo), senon tamén paso fundamental de comunicación entre as zonas de cria da Galiza Oriental e Occidental. Na relación de especies non se cita o lobo, e tampouco especies en perigo de extinción como a lontra e outras. En canto a fauna piscícola, citan-se unicamente a troita e a anguía. Polo demáis, o EIA carece de valor para avaliar o impacto ecolóxico real da obra, ofrecendo unicamente unha información parcial. En algúns casos, pudo-se observar que a pouca información aportada non se corresponde coa realidade.

IMPACTO SOBRE A VEXETACION

Sobre a flora, o trazado elixido cruza a maioría dos pequenos bosques de frondosas autóctonas e bosques mixtos que permanecen nunha zona onde o eucalipto aínda non gañou influencia significativa e onde os carballos e mesmo as sobreiras manteñen certa presenza. No percorrido do trazado proposto cruzan-se unhas 16 zonas de bosque mixto no que están presentes de forma maioritaria especies autóctonas, e ao menos 5 bosques formados exclusivamente por frondosas. A extensión destas masas varían desde uns 200 m até

Como alternativa, ADEGA propón a mellora do ferrocarril e da actual carretera, e o potenciamento do transporte colectivo en tren e autobús, obxectivos que se poden acadar cunhas inversións moi inferiores ás que a autoestrada requiriría. ADEGA denuncia as deficiencias do Estudo de Impacto Ambiental (EIA), que non valora satisfactoriamente o impacto ambiental nin xustifica a necesidade de tal obra. A construción dunha autoestrada afondaría nun modelo de transporte altamente impactante e non sustentábel, e Colevaría fortes custos sociais, económicos e ecolóxicos. O tren perdería-se definitivamente.

mais de 1500 m de ancho. As zonas mais afectadas pola destrución de bosque autóctono son as cruzadas polos tramos D2 (ao sul de Bandeira e Silleda), F2 sobre o río Deza e Arenteiro, e G1 perto de Ourense.


Un mínimo de 11 hectáreas de bosque autóctono en masas puras ficará baixo o trazado da autovía, sendo a superficie afectada dunhas 150 hectáreas. En varios casos, pequenos bosques de até 1 km de ancho ficarían divididos en dúas partes. Estes bosques perderán o seu valor ecolóxico para a flora e especialmente para albergar a fauna, polos impactos indirectos que supón a autoestrada: continuación, efecto barreira, ruidos... Destruen-se ademais unhas 33 hectáreas de bosque mixto, que actualmente evoluciona cara bosque

autóctono e, indirectamente, mais de 500 hectáreas son afectadas polo proxecto. Por último, a alternativa prelexida afecta de forma directa a mais de 50.000 m² de bosque de ribeira e a unhas 120 hectáreas de terras de labradío, o que supón unha perda significativa de terras fértiles.

O IMPACTO SOBRE OS RIOS

Algúns ríos son cruzados até 3 veces, e tanto na zona alta do Deza como do Arenteiro e Barbantiño son numerosos os efluentes afectados. No trazado proposto como de menor impacto ambiental contabilízan-se até 35 cruces ou estruturas sobre ríos e uns 15 km de percorrido paralelo ao cauce dos mesmos, a pouca distancia do cauce.

¡NON HAI DEREITO! ¡QUEIDAS UN INTRE TRANSPORTO, E GANDO TE DECATAS, XA FIXERON UNHA ROTOANDA NA EIRA!




X. Marín

Un aspecto importante do impacto sobre os ríos é a contaminación química das augas, a que o proxecto non presta atención nengunha, pero que diferentes estudos noutros países teñen posto de manifesto: "augas a baixo do cruce coas autoestradas existe un notábel incremento da concentración de diversos contaminantes nos sedimentos, tais como hidrocarburos totais, hidrocarburos aromáticos (maiormente fenantreno, pireno e fluoranteno), e metais pesados (zinc, cadmio, cromo, e chumbo). Observa-se asimismo un incremento na auga de metais pesados e aniós específicos".

IMPACTO SONORO E CONSUMO ENERXETICO

Nunha distancia de até 384 m durante o día e 2.659 m durante a noite superaran-se niveis de ruído de 65 dB e 55 dB respectivamente. Aínda que non se fai unha avaliación do número de núcleos urbanos e vivendas que fican a menos de 2,6 km do trazado, con seguridade son moi numerosos.

O proxecto conleva un significativo incremento do tráfico e das velocidades medias, o que se traduce nun incremento do consumo de combustíbeis fóséis derivados do petróleo. Significa por tanto un incremento de diferentes emisións contaminantes a atmosfera: monóxido de carbono, óxidos de enxofre e nitróxeno, compostos orgánicos volátiles, metais pesados, etc. Varios destes compostos son canceríxenos e causa de diferentes doenzas. Pero significará ademais un forte incremento das emisións de dióxido de carbono, principal causante do efecto invernadeiro e do cambio climático.



FALTA DE XUSTIFICACION

Pero o proxecto non está xustificado nen siquiera tecnicamente. En base a unha enquisa e aos datos de aforo da N-525 correspondentes ao 19/9/95, no proxecto estima-se o número de vehículos que transitan pola actual carretera. A densidade de tráfico varia segundo o tramo entre uns 5.000 e 10.000 vehículos lixeiros e entre 1.100 e 1.800 vehículos pesados por día. Non cabe dúbida que os datos do aforo dun único día son pouco significativos, e resulta chocante que non se acuda á información sobre o aforo da N-525 de que dispón o MOPTMA, dado que se trata dunha Nacional. Este ministerio ten afirmado en diferentes ocasións que a intensidade do tráfico non xustifica a construción dunha autoestrada, e menos aínda de peaxe.

No proxecto presenta-se un estudo de rendabilidade que se basea no impacto favorábel da autoestrada sobre o prezo do transporte. Tal retabilidade resulta ser consecuencia de supostos aforros en lubricantes, neumáticos, combustíbel, frenos, operacións de mantemento e posta a punto, seguros, impostos, coste do vehículo, etc, así como do valor do tempo do conductor e pasaxeiros. A seriedade do estudo fica patente cando chega á conclusión de que a hora do viaxeiro galego vale 2002 ptas, fronte a 1920 ptas. para os viaxeiros do conxunto do estado español.

PROPOSTAS ALTERNATIVAS DE ADEGA

1. **Mellora da actual Carretera N-525**, construindo carrís de adiantamento e carrís destinados ao tráfico lento, así como circunvalacións ao paso por vilas como Bandeira, Silleda e Lalín.

2. **Mellora do ferrocarril.** O ferrocarril está en desuso no seu traxecto Santiago-Ourense por diversas razóns: elevados tempos de percorrido; distancia significativa desde as estacións aos núcleos urbanos, como no caso de Lalín; frecuentes retrasos nos horarios; inexistencia de servizos suficientes que poidan interesar aos viaxeiros. Esta situación podería mellorar significativamente, bastando para elo unhas inversións moi inferiores aos preto de 50.000 millóns de ptas previstos para a Autoestrada, destinadas a electrificación, instalación de dobre vía, e ao acercamento das estacións aos principais núcleos de poboación (Bandeira, Silleda, Lalín), etc.

3. **Promoción do transporte colectivo.** Ademais da mellora do tren, o transporte desde aquelas zonas e núcleos de menor entidade debe canalizar-se no posíbel cara transportes colectivos. Propomos a subvención destes tipo de transportes, que non sería necesaria se o uso do coche particular incluíra a totalidade de costes externos que tal actividade causa.

ADEGA apunta tamén que a alternativa do transporte colectivo é máis universal, podendo facer uso dela calquera persoa, con independencia de que dispoña ou non de automóbil propio e permiso de conducir, e por tanto con independencia da súa idade e estado de saúde, etc. ■

UNHA AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL REALMENTE IMPACTANTE

Por SANTIAGO ORTIZ

O Estudo do Impacto Ambiental do parque eólico da Capelada ten numerosos erros, nomenclatura obsoleta e o que é o máis grave non aparecen as especies botánicas máis relevantes da Serra.

Un dos lugares do litoral galego escollidos polas empresas adxudicatarias para a ubicación de parques eólicos promovidos polo Goberno galego foi a Serra da Capelada, no NE da provincia da Coruña.

Como é preceptivo, a realización deste tipo de obras requiren un informe previo sobre o impacto ambiental que poden causar no entorno no que van ser instaladas. No caso concreto dos parques eólicos situados na área de Vixia Herbeira, na Serra da Capelada, a "Evaluación de Impacto Ambiental del Parque Eólico Sierra de la Capelada" foi redixido polo profesor F. Macías Vázquez, por C. Nieto Olaño e J. Luis Otero Pérez, o primeiro deles catedrático da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Neste artigo unicamente comentaremos os aspectos botánicos deste informe os cuais penso que non deben ficar desapercibidos para os lectores en xeral e, en particular, para aquelas persoas relacionadas dunha ou doutra maneira coa Facultade de Bioloxía. Moitos estuvemos tentados en diversas ocasións de incidir en asuntos como os que a continuación tratamos; pode ser ésta unha boa oportunidade.

Unha primeira valoración global da parte botánica da devandita avaliación de impacto nos permite concluir, con grandes posibilidades de acerto, que na mesma se utiliza unha información de hai uns 30 anos (moi probablemente a "Vegetación de Galicia" de Bellot, de 1968), cunha nomenclatura, amais de obsoleta, cunha cantidade de erros de transcripción que fai dificilmente creíble que algo así poidera ser redixido por profesionais da

Universidade. Por outra banda, na parte dedicada á descripción das comunidades vexetais dan-se listas de especies nas que aparecen cousas tan sorprendentes como -para amostra un botón- que a mala herba de cultivo *Stellaria media* L. esté incluída no listado de plantas que forman parte das matagueiras. En ningún lugar se citan comunidades vexetais que como a *Gentiano-Ericetum mackaiana*, *Sagino-Plantagineum radicatae*, *Cheilanthes-Asplenium corunnense* ou *Ulici-Cytisetum ingramii* presentan unha distribución moi restrinxida sendo incluso algunha practicamente endémica da zona e, por tanto, de enorme valor biolóxico.

Sen embargo, e sen tirarlle importancia ao anterior, o máis relevante do informe desde o punto de vista do ecoloxismo estriba en que, sendo a Serra da Capelada unha

das áreas de Galicia de maior interese botánico -como todos os botánicos saben- por habitar alí especies verdadeiramente únicas, cando no informe se cita a flora máis relevante e se evalúa a zona desde ese punto de vista, non se cita ningunha delas (agás *Erica mackaiana*) dando a impresión a calquera que o lea de que dito territorio non presenta o máis mínimo interese desde o punto de vista biolóxico. Descoñecemento ou omisión? calquera das dúas cousas é grave. E especialmente grave que persoas que habitualmente fan avaliacións de impacto ambiental descoñezan que *Centaurea borjae* Valdés-Bermejo & Rivas-Goday é, xunto con *Omphalodes littoralis* Lehm. subsp. *gallaecica* Lainz, a única planta galega protexida a nivel estatal polo Real Decreto 439/1990 (BOE 83, 5 de Abril) e incluída no listado da Unión Internacional para a Conservación da Natureza, e que a súa área de distribución mundial esta restrinxida á Serra da Capelada e Cabo Prior. A lista de descoñecementos (omi-



sións?) é longa: *Sagina merinoi* Pau ex Merino, endemismo serpentinófito exclusivo de Galicia practicamente restrinxido ás serpentinas de Melide e A Capelada, *Rumex scutatus* L. subsp. *gallaecicus* Lago, endemismo exclusivo da Capelada, *Cytisus ingramii* Blakelock (*Cytisus commutatus* (Willk.) Briq. subsp. *merinoi* Laínz), un precioso endemismo exclusivo do Norte de Galicia, *Hymenophyllum wilsonii* Hook., única localidade peninsular deste fento cuxas poboacións mais próximas esta na Bretaña, *Culcita macrocarpa* C. Presl, un fento relicto que acada os 4 m de altura do cal a poboación ali localizada é moi posiblemente a maior do Continente, *Plantago serpentina* (All.) Arcangeli, unha das escasas localidades ibéricas, *Gentiana verna* L. subsp. *verna*, *Huperzia selago* (L.) Bernh. ex Schrank & C. F. P. Mart., *Thymus longicaulis* C. Presl, *Scilla merinoi* S. Ortiz, Rodr. Oubiña & Izco, *Linaria aguillonensis* García Martínez, etc., etc. No informe cítanse, pola contra, unha serie de plantas de escaso ou nulo interese. O mesmo, como antes dixemos, ocorre coas comunidades vexetais. Reiteramos o anterior: se é omisión é grave, se é descoñecemento, tamén. Mais para ilustrarnos sobre a intencionalidade destas ausencias hai que recordar que o primeiro asinante desta avaliación de impacto foi o director dun traballo publicado no ano 1987 pola Diputación da Coruña e titulado "A Capelada" no que sí se citaban algunhas destas especies e, en particular, *Centaurea borjajae*, destacando, ademais, o seu inrerese desde un punto de vista consevacionista. Cada un que tire as súas propias conclusións.

Ao marxe do anterior, a Serra da Capelada, pola súa riqueza botánica, debida en grande medida ao tipo de sustrato ultra e metabásico, e o seu alto valor paisaxístico, debería ter sido, desde hai tempo xa, unha area protexida e non sufrir agora unha agresión tal. Debe-se dicir, sen embargo, que finalmente a ubicación dos dous parques para os que se redixiu a citado informe non parecen ter afectado directamente a ningunha das especies mais singulares da zona o cal é, desde logo, moi de agradecer aínda que o simples feito de desprazar o



Gentiana verna subsp. *verna*. Na Capelada esta a única localidade galega desta planta que na Península esta restrinxida á alta montaña calcarea septentrional.

parque mais oriental 500 m cara o interior reduciría enormemente o impacto paisaxístico. Isto que en parte é positivo, en absoluto desvirtua o obxectivo deste artigo que é chamar a atención sobre ésta e outras avaliacións de impacto ambiental, especialmente preocupantes cando se xeneran no entorno de institucións que ao marxe da súa feble actividade proteccionista, tradicionalmente se distinguen pola realización de estudos rigorosos e serios. Imponse a elaboración dun código ético para este tipo de traballos. ■

Centaurea borjajae, endemismo practicamente exclusivo da Capelada.



PORTUGAL TAN PERTO E TAN LONXE

Por XOSÉ VEIRAS

A pesar da proximidade xeográfica, do pasado histórico común e das afinidades lingüísticas e culturais, segue a existir un grande e empobrecedor descoñecemento mutuo entre Galiza e Portugal. As relacións entre os dous países irmáns aínda poden definirse hoxe como de "costas viradas". A situación do ambiente en Portugal -que, en certos casos, pode incidir sobre a do noso medio- é ignorada no noso país, onde é máis fácil saber o que acontece en Andalucía, Latinoamérica ou Alemaña. Este artigo pretende ser un primeiro achegamento á situación ambiental portuguesa.

Portugal continental caracterízase por unha grande diversidade paisaxística, determinada pola súa situación nunha zona de transición entre a rexión mediterránea e a atlántica e pola heteroxeneidade do relevo e do substrato xeolóxico. Hai algúns milleiros de anos os bosques dominados por árbores do xénero *Quercus* (carballo, cerquiño, aciñeira, sobreira...) constituían a cobertura vexetal principal do país. Nos Azores e na Madeira a laurisilva (bosques subtropicais pechados sempre verdes) é a formación boscosa típica.

Hoxe os bosques autóctonos ocupan unha pequena parte da súa superficie orixinal. Como aconteceu en todas partes, a deforestación comezou en Portugal coa revolución neolítica. Segundo Jorge Paiva, investigador do Instituto Botánico de Coimbra, "a maior decadencia dos ecosistemas florestais de Portugal iníciase com a desarticulación das estruturas sócio-económicas da idade média, acentuándose com a exploración florestal para a construción naval na época dos Descubrimentos, a actividade agrária e pastoral que chega até hoje, e mais recentemente com os incêndios e as plantações industriais de pinheiros e eucaliptos".

A sobreira e a aciñeira son as árbores autóctonas que posúen aínda áreas de distribución significativas, non como bosque mais si como devesa ou "montado". Os "montados" son prados salpicados por grandes árbores ailladas. Estas explotacións gandeiras extensivas son para moitos autores un exemplo de sistema natural modificado harmoniosamente, de uso intelixente dos recursos

naturais. Os mellores e máis típicos "montados" da Península Ibérica sitúanse no centro e sur de Portugal, en Salamanca e na Estremadura española (a rexión portuguesa da que forma parte Lisboa tamén se chama Estremadura).

Nalgúns barrancos inaccesíbeis dos arquipélagos atlánticos de Azores e Madeira aínda se conservan pequenos bosques de carácter case virxe, bosques nos que case non existe pegada da influencia humana.

A rápida e desordenada expansión da área ocupada polos eucaliptos, cuxo cultivo se fixo máis intenso a partir dos anos 60, tamén constitúe un serio problema no país irmán. Téñense arrincado sobreiras, aciñeiras e oliveiras para plantar eucaliptos, que en 1992 ocupaban unha superficie de 529.000 hectáreas. Algúns Concellos, conscientes dos seus posibles efectos negativos, chegaron a embargar plantacións de eucalipto. A madeira desta especie é utilizada principalmente para producir pasta de papel, produto do que Portugal é o cuarto exportador mundial. As industrias de celulosa adoitan ser fontes importantes de contaminación.

Estuario do Miño



◆◆◆
A sobreira e a aciñeira son as árbores autóctonas que posúen aínda áreas de distribución significativas, non como bosque mais si como devesa ou "montado", prados salpicados por grandes árbores ailladas adicidos á explotación gandeira.
◆◆◆



Parque Natural da Serra da Estrela

Como consecuencia da diversidade de hábitats existente, Portugal posúe unha considerábel riqueza faunística. As prácticas cinexéticas inadecuadas (colocación de cebos envelenados, utilización de métodos de captura non selectivos, caza de especies protexidas...) causan un importante impacto negativo sobre a fauna, especialmente sobre os depredadores. A Confederação Portuguesa das Associações de Defesa do Ambiente (CPADA) e outras organizacións ecoloxistas están promovendo unha campaña

◆◆◆
A posible construción do encoro de Foz Côa, agora paralisada, situou-se entre as principais preocupacións do país no último ano. Porén, aínda que cada día mais contestado, o mega-encoro de Alqueva (Guadiana), que asulagaría mais de 25000 ha, segue a recibir o apoio das principais forzas políticas.
◆◆◆

que pretende que se garantan efectivamente os dereitos dos cidadáns e cidadás que non son cazadores (a inmensa maioría) e se senten molestos coa actividade cinexética. Os propietarios e arrendatarios rurais hoxe en día non poden prohibir a caza nas súas propiedades.

ORDENAMENTO DO TERRITORIO E USO DOS RECURSOS

Portugal dotouse dunha "Estratègia Nacional de Conservación", pero a súa aplicación é deficiente. Como acontece en todos os países, en maior ou menor medida, o modelo de desenvolvemento aplicado en


Portugal segue a ser ecoloxicamente insustentábel. A política de conservación aínda non é unha compoñente fundamental das políticas sectoriais (transportes, enerxética, forestal, industrial...). Os intereses privados e a lóxica da maximización dos beneficios económicos a curto prazo tamén adoitan prevalecer no país veciño.


A ausencia dunha política de ordenamento do territorio coherente propicia o uso inadecuado do solo, do que son exemplos a destrución de áreas de alto valor ecolóxico ou a urbanización de terras agrícolas de primeira calidade.

As prácticas agrícolas e silvícolas incorrectas e os incendios forestais causan a erosión do solo, un grave problema ambiental que afecta a moitos miles de hectáreas. As rexións máis ameazadas pola erosión son o Alentejo, o Alto Douro e o sudoeste da provincia de Castelo Branco.

A partir de mediados dos 70 aumentaron espectacularmente os incendios forestais. Durante as últimas dúas décadas arderon en Portugal 1. 160. 000 hectáreas de monte, unha superficie equivalente ao 40% da superficie galega. José Manuel Alho, da asociación ecoloxista Quercus, afirma que "as medidas implementadas para solucionar este problema evidencian unha clara desproporção entre o esforço de prevención e o esforço colocado no combate aos incêndios. As causas do aumento exponencial dos incêndios nas nosas florestas encontrámense esencialmente na gradual desertificación humana de extensas áreas do noso territorio, especialmente no interior, ás alteracións de uso do mundo rural sem ter en conta o fogo como factor condicionante com conseqüente aumento da carga com-

Río Homem





Aldea de Pitões das J. (Montalegre)

bustível e em actos criminosos geralmente asociados à especulação e intereses económicos”.

A costa portuguesa está sendo afectada negativamente por problemas como a contaminación das augas, a alteración dos procesos de sedimentación ou a urbanización irracional promovida por investidores turísticos salvaxes (chamados “patos bravos”) aos que só interesa o lucro rápido. Aos “patos bravos” únense os “chicos espertos” que deciden construír a súa casa de praia no dominio público marítimo.

◆◆◆
O Plan Hidrolóxico Español foi concebido como se Portugal non existise e os ríos internacionais (Guadiana, Tejo, Douro, Miño) rematasen o seu percorrido na fronteira luso-española.
◆◆◆

tomadas medidas draconianas de ordenamento do territorio e conservación de biótopos no litoral, poderemos pasar, em poucos anos, de uma situação privilegiada na Europa para um deserto de cimento à beira-mar plantado”.

PLANO HIDROLÓXICO ESPAÑOL

Unha das cuestións que máis preocupan á sociedade portuguesa é a posíbel incidencia negativa sobre os recursos hídricos do país do Plano Hidrolóxico Español (PHE), actualmente en discusión no Estado Español. O proxecto de PHE foi concebido como se Portugal non existise e os ríos internacionais (Guadiana, Tejo, Douro, Miño) rematasen o seu percorrido na fronteira luso-española. Portugal depende en máis do 54 por cento dos recursos hídricos xerados no Estado Español.

As afluencias a Portugal dos ríos internacionais poderían sufrir reducións importantes como consecuencia de transvases e aumentos de consumo en España. Por exemplo, estímase que as afluencias a Portugal do río Douro poderían reducirse nun 20% para o ano 2012. Durante os últimos 20 anos, de acordo cos rexistros de caudais afluentes a Portugal, xa se observou unha redución dos escoamentos dun 20%. O alcalde do Porto chegou a desprazarse persoalmente a Madrid para obter información de primeira man sobre a incidencia que pode-

ría ter o PHE sobre a parte portuguesa do río Douro.

Os gobernos portugués e español están a negociar o uso dos recursos hídricos das bacías comúns. A finais de 1994, con motivo do Cumio Ibérico celebrado no Porto, as principais organizacións portuguesas de defensa ambiental elaboraron un manifesto dirixido aos gobernos portugués e español no que lles solicitan, entre outras cousas, que “obtenham consenso relativamente à repartición dos recursos hídricos comúns, que “conciliem os obxectivos e estratégias dos planos de bacía dos ríos Minho, Douro, Tejo e Guadiana”, que “garantam a manutención dos caudais ecolóxicos que permitan asegurar a conservación e manutención das comunidades bióticas dulceaquícolas e marinhas dependentes dos estuários” e que “debatam estratégias e programas comúns para a melloría da calidade ambiental dos ríos internacionais e para o aumento da eficiencia das utilizacións humanas dessa auga”. Este manifesto recibiu o apoio dalgunhas organizacións ecoloxistas galegas, como a Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza (AGENG) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

Os prexuízos dunha incorrecta xestión dos recursos hídricos nos dous Estados ibéricos poden ser mutuas. Tamén o que fagan os portugueses nos seus ríos pode prexudicar aos seus veciños ibéricos. No noso país xa o sabemos ben polo impacto causado polo encoro hidroeléctrico de Lindoso, explotado por Electricidade de Portugal, que asulagou terras do que hoxe é o Parque Natural da Serra do Xurés. O megaproxecto do Alqueva, no río Guadiana, presentado desde hai moitos anos como o “mesías” do Alentejo,

◆◆◆
Desde a Galiza, resulta rechamante o feito de que o Goberno contratase asesores técnicos propostos polas organizacións de defensa do ambiente.
◆◆◆

podería deixar baixo as augas 25. 000 hectáreas, 6500 das cales pertencentes á Estremadura española.

Este megaproxecto, que probablemente será revisado polo novo Goberno do Partido Socialista, en principio inclúe non só a construción do grande encoro de Alqueva (que sería un dos maiores de Europa) senón tamén a doutros 9 (3 deles xa existentes), 680 km de canais de rede primaria (algúns de até 18m. de ancho) e 4400 km de rede secundaria. As súas finalidades son garantir o abastecemento de auga a poboacións, irrigar unha superficie de 110. 000 hectáreas (a metade cobertas hoxe por "montados") e producir enerxía eléctrica.

Os custos económicos e ecolóxicos deste faraónico proxecto serían altísimos. Ademais existen dúbidas moi serias sobre a súa viabilidade, dada a escasa disponibilidad de auga na parte portuguesa da bacía do Guadiana. Este disparatado proxecto está a ser cada vez máis contestado, pero aínda recibe o apoio de todas as principais forzas políticas.

Unha das primeiras decisións adoptadas polo novo Goberno dirixido por António Guterres foi a paralización da construción do polémico encoro de Foz Côa, no río Côa (afluente do Douro), que podería ter deixado baixo as súas augas un valioso conxunto de pinturas rupestres que parecen datar da era paleolítica. Esta decisión tomouse tras unha forte mobilización social, que situou a posíbel construción do encoro de Foz Côa entre as principais preocupacións do país. Os estudantes de ensino secundario contribuíron á campaña contra a "barragem" recollendo algúns centos de miles de sinaturas en todo o país.

CALIDADE AMBIENTAL

A contaminación dos recursos hídricos é un problema importante, afectando a máis da metade das disponibilidades hídricas. As situacións máis graves de contaminación dos ríos localízanse nas zonas máis poboadas. A pesar de que durante os últimos anos construíronse moitas estacións depuradoras de augas residuais urbanas, en 1993 só o 33% das augas residuais eran obxecto de tratamento.

Agás en certas zonas, a calidade da auga do litoral portugués pode considerarse aceptábel, debido á exposición ao oceano Atlántico, á forte corrente litoral e ao rexime de ventos. A calidade do aire tamén é boa en xeral. En Porto e Lisboa existen serios problemas de contaminación atmosférica, causados principalmente polo tráfico de automóbeis, que é tamén unha das principais fontes de contaminación acústica en todo o país. A metade das queixas ambientais dirixidas polos cidadáns e cidadás portuguesas ás autoridades son motivadas por niveis elevados de ruído.

A situación no tocante á xestión do lixo é bastante desastrosa. Segundo un estudo de Quercus o 73,9% do lixo depositase en vertedoiros incontrolados e o 26,1% restante é destinado a plantas de compostaxe e/ou vertedoiros considerados controlados. Aínda que o 30% do vidro consumido e o 40% do papel son reciclados, na área da estratexia dos 3 erres (reducción, reutilización, reciclaxe) está case todo por facer. Está prevista a construción de senllas incineradoras para tratar a maior parte do lixo dos concellos do Grande Porto e de Lisboa e outros 3 municipios da marxe norte do estuario do Tejo.

O Ministério do Ambiente someteu a discusión a súa proposta de novo Sistema Nacional de Tratamento de Resíduos Industriais, debate no que participaron diversas organizacións sociais, incluídas as tres maiores asociacións ecoloxistas. No noso país, onde entre os políticos predominan a arrogancia e a pre-

ESPACIOS NATURAIS PROTEXIDOS

Portugal posúe unha rede de espazos naturais protexidos formada por 1 Parque Nacional, Parques Naturais, Reservas Naturais, Paisaxes Protexidas e Sitios Clasificados. A súa superficie total supón aproximadamente un 6% do territorio portugués (lembramos que en Galiza a superficie protexida non supón nin tan sequera o 1% do territorio). É probábel que a curto prazo se complete a rede con novos espazos. Aínda que a súa xestión presenta deficiencias, o balance global da existencia das áreas protexidas pode considerarse positivo, conseguindo evitar algunhas agresións ambientais e, nalgúns casos, mellorar as condicións de vida das poboacións locais.

Sen dúbida, a área protexida portuguesa máis coñecida na nosa terra é o **Parque Nacional da Peneda-Gerês**, o único Parque Nacional existente. Foi creado en 1971 e abrangue unha extensión de 72. 000 hectáreas. Xunto co Parque Natural galego da Serra do Xurés- en cuxa creación influíu moi decisivamente a presión do goberno portugués- forma unha unidade que debería ser xestionada conxuntamente. Fermosas paisaxes de montaña, interesantes bosques autóctonos e unha valiosa riqueza faunística son algúns dos seus principais valores.

Outras áreas protexidas próximas a Galiza son o **Parque Natural da Serra do Alvao**, perto de Vila Real, cuxa imaxe máis emblemática son as "Fisgas do Ermelo", a ferverza máis espectacular do país irmán, a **Área de Paisaxe Protexida do Litoral de Esposende** e o **Parque Natural da Serra de Montesinho**, perto de Bragança, gravemente ameazado pola pretensión da empresa española Iberdrola de transvasar as augas dos ríos Tuela e Pereira ao encoro ourensá de As Portas. As augas dos ríos Tuela e Pereira, que atravesan o Parque despois de pasar a fronteira, son vitais para a supervivencia do Parque.

Limitando co Parque Natural de Montesinho sitúase a **Serra da Nogueira**, na que se conserva o maior bosque de cerquiño do mundo, cunha área superior a 6. 400 hectáreas. Animados polo exemplo do Parque Natural de Montesinho, os habitantes da Serra da Nogueira uníronse aos ecoloxistas para reclamar a integración desta área nun Parque Natural.

Entre as áreas protexidas portuguesas máis interesantes poden sinalarse, ademais dalgunhas das xa citadas, o **Parque Natural da Serra da Estrela** (a maior serra portuguesa), o **Parque Natural da Arrábida**, o **Parque Natural da Ría Formosa** (situado no Algarve, é un dos puntos máis importantes da rede de zonas húmidas que liga o norte de Europa á África subsahariana), a **Reserva Natural do Estuário do Tejo**, o **Parque Natural do Sudoeste Alentejano/Costa Vicentina**, o **Parque Natural da Serra de San Mamede** ou a **Reserva Natural da illa Berlenga** (un dos últimos lugares da Península onde cría o arao común, ave mariña en perigo de extinción).

Portugal

potencia e as organizacións ecoloxistas son a miúdo "ninguneadas", chama a atención este xeito de proceder. Aínda máis rechamante resulta o feito de que o Goberno contratase asesores técnicos propostos polas organizacións de defensa do ambiente.

Infelizmente, está previsto que parte dos residuos industriais tóxicos e perigosos sexán queimados nunha incineradora que se construíría en Estarreja, na ría de Aveiro.

SOCIEDADE E AMBIENTE

En 1987 publicouse a Lei de Bases do Ambiente, que pode considerarse pioneira a nivel europeo, mais cuxa aplicación práctica deixa moito que desexar. En 1990 creouse o Ministerio do Ambiente (na UE España e Grecia son os únicos Estados que carecen do mesmo), que aínda ten un peso político reducido e moitas veces non consegue impoñer a súa posición nos conflitos que o enfrentan a outros ministerios. Por exemplo, a localización da nova ponte sobre o Tejo (Sacavém-Montijo) que se está construíndo en Lisboa foi decidida polo Ministerio de Obras Públicas contrariando a lexislación sobre impactos ambientais.

A recente victoria electoral do Partido Socialista é posíbel que supoña unha certa mellora da política ambiental. Polo de agora tal vez se deba salientar o talante máis dialogante do novo Goberno encabezado por António Guterres, quen declarou estar disposto a "escutar, escutar, escutar" a todos os interlocutores políticos e sociais.

◆◆◆
"Nunca como actualmente as Associações de Defesa do Ambiente tiveram tanta força, mas igualmente nunca como hoje a tentativa de confiná-las a um papel de "fundamentalistas simpáticos", sem uma discussão aprofundada das suas propostas, foi tao eficaz". José Manuel Palma, presidente de Quercus.
◆◆◆



A conciencia ecolóxica dos portugueses e portuguesas medrou significativamente nos últimos anos, aínda que segue a ser insuficiente. Ao labor das asociacións de defensa do ambiente débese grande parte do aumento da conciencia ecolóxica da sociedade portuguesa.

A semellanza do que acontece por aquí, os principais partidos políticos non asumiron profundamente as ideas ecoloxistas. José Manuel Palma, presidente da asociación ecoloxista Quercus, sinala que "quando percorremos os programas partidários deparamos con a cosmética das palabras em vez do fundamento das ideas e da práctica: aquilo que os ecologistas têm conseguido pasar para a ideologia partidária são, o mais das veces, as ideas mais coloridas e non, infelizmente, as mais substantivas". Tamén opina que "nunca como actualmente as Associações de Defesa do Ambiente tiveram tanta força, mas igualmente nunca como hoje a tentativa de confiná-las a um papel de "fundamentalistas simpáticos", sem uma discussão aprofundada das suas propostas, foi tao eficaz".

O Parlamento portugués foi o terceiro Parlamento estatal europeo, despois do belga e do alemán, no que un partido verde conseguiu representación. Desde 1983 o Partido Ecologista Os Verdes (PEV) está representado no Parlamento, actualmente por dúas deputadas. O PEV é unha forza organizativamente moi débil e preséntase ás eleccións en coalición co Partido Comunista, partido ao cal está subordinado. ■

Cabo Sardão. Niño de cegoñas





ALGUNS ENDEREZOS DE INTERESE

Sen pretender discriminar ou tirarlle importancia ás restantes organizacións que traballan pola defensa do ambiente en Portugal, presentamos unha escolma de enderezos e contactos seleccionados en base ao critério de proximidade á Galiza, de participación nos encontros das Neves e na Plataforma Luso-Galaica, e de cobertura nacional.

CPADA

CONFEDERAÇÃO PORTUGUESA DAS ASSOCIAÇÕES DE DEFESA DO AMBIENTE
Olho de Boi, 2800 Almada
Tel/Fax: 01-2745244

GEOTA

GRUPO DE ESTUDOS DE ORDENAMENTO DO TERRITÓRIO E AMBIENTE
Trav. do Moinho de Vento, 17, Cv - Dto. 1200 Lisboa
Tel. 01-3956120. Fax: 01-3955316

LPN

LIGA PARA A PROTECÇÃO DA NATUREZA
Estrada Calhariz de Benfica, 187, 1500 Lisboa
Tel: 01-7780097. Fax: 01-7783208

QUERCUS

ASSOCIAÇÃO NACIONAL DE CONSERVAÇÃO DA NATUREZA
En Lisboa: Rua do Salitre, 139, sala 3-A, 1200 Lisboa
Tel: 01-3530540. Fax: 3152039
En Porto: Rua Trindade Coelho, 1C 4º, 4000 Porto
Tel. 02-320324. Fax: 02-2003390

AGROBIO

ASSOCIAÇÃO PORTUGUESA DE AGRICULTURA BIOLÓGICA
Calçada da Tapada, 39-r/c drt. 1300 Lisboa

FAPAS

FUNDO PARA A PROTECÇÃO DOS ANIMAIS SELVAGENS
Rua Formosa, 303-2º tras, 4000 Porto

COREMA

ASSOCIAÇÃO DE DEFESA DO PATRIMÓNIO
Apdo. 40. 4910 Camiña

GEN

GRUPO ECOLÓGICO NATUREZA
Rua Major Miguel Ferreira. Apdo. 69, 4820 Fafe

NUCEARTES

NÚCLEO DE ESTUDOS E ARTES DO VALE DO ANCORÁ
Travesa 31 de Janeiro, 50, 4915 Vila Praia de Ancora

Associação de Protecção da Natureza de Trancoso
Vila Garcia, 6420 Trancoso

NPEPVS

NÚCLEO PORTUGUÊS DE ESTUDO E PROTECÇÃO DA VIDA SELVAGEM
Bairro Fundo de Fomento da Habitação (coxa), bloco D-r/c.
Apdo. 26, 5300 Bragança

O MOVIMENTO ECOLOXISTA PORTUGUÊS

A asociación portuguesa de defensa do ambiente máis antiga é a **Liga para a Protecção da Natureza**, creada en 1948 por investigadores e universitarios. Nos primeiros anos despois da Revolución do 25 de abril de 1974 fundáronse numerosos grupos ecoloxistas, amioría dos cales carecían de organización consistente. A campaña contra a intención do Goberno de construír unha central nuclear en Ferrel (proxecto finalmente abandonado) fixo que os ecoloxistas portugueses conseguisen por primeira vez unha certa proxección pública.


Entre 1986 e 1988 varios factores contribuíron á consolidación de moitos grupos locais que até entón non tiñan unha estrutura estábel e á aparición de novas asociacións, entre as cales cómpre destacar a asociación de ámbito nacional **Quercus** e o **GEOTA**.

En 1989 celebrouse en Viseu o primeiro Encontro Nacional das Associações de Defesa do Ambiente, no que se iniciou o proceso de creación da **Confederação Portuguesa das Associações de Defesa do Ambiente (CPADA)**, constituída formalmente en 1991. A Confederação está formada por 63 asociacións de todo o país que agrupan a perto de 120. 000 socios/as. A maioría das asociacións que forman parte da Confederação son locais ou rexionais. Desenvolven un valioso traballo e moitas delas teñen unha apreciable influencia sobre os Concellos. É frecuente que dispoñan de liberados.

A maior asociación ecoloxista é **Quercus**. Con delegacións espalladas por todo o país é a organización ecoloxista máis coñecida pola opinión pública. Edita unha pequena revista trimestral que ten unha tiraxe de nada menos que 75. 000 exemplares, a maioría dos cales se distribúen como suplemento do xornal "Diário de Notícias". Posúe un Gabinete Técnico formado por membros da asociación en réxime profesional e semiprofesional e é capaz de xestionar importantes proxectos de conservación. En 1992 recibiu o Premio Global 500 atribuído polo Programa das Nacións Unidas para o Ambiente.

As organizacións ecoloxistas son consultadas regularmente polo Goberno e están representadas no Consello Económico e Social. O Instituto de Promoção Ambiental do Ministerio do Ambiente divulga información ambiental, promove a educación ambiental e a participación cidadá e apoia técnica, xurídica e financeiramente ás asociacións de defensa ambiental.

A finais de 1994 creouse a **Plataforma Ecoloxista Luso-Galaica**, que está formada pola **AGENG**, **CPADA** e varias asociacións locais e comarcais do sur de Galiza e do Alto Minho. A **Plataforma** é un instrumento que permite o traballo coordinado sobre asuntos de interese común para os movementos ecoloxistas dos dous países. Até hoxe centrou a súa actividade na campaña contra o proxecto de construción do encoro de Sela no tramo internacional do río Miño, promovido por Unión FENOSA e Electricidade de Portugal.



O pasado 28 de Febreiro de 1996 "El Progreso" de Lugo publicaba a noticia dde que membros da SGHN atoparan mortos 13 araos comúns (*Uria aalge*) na praia de Arealonga (Reinante) na costa luguesa, probablemente exemplares invernantes, procedentes das veciñas Illas Británicas.

O 2 de marzo deste mesmo ano aparecía na praia de Razo, municipio de Carballo, un individuo, este si pertencente á raza ibérica (obs. pers. do autor), que pasaría a engrosar a longa lista de baixas no cada día máis gris futuro do estatus do "pingüín galego".

O 14 de marzo a prensa recollía que Hábitat cifraba en varios centos as aves mortas e o responsable de Medio Ambiente da Coruña, Carlos Muñoz, prometía poñer medios para descifrar as claves das mortes. O día 1 de abril CEDENAT anunciaba o inicio da investigación das causas das mortes de 64 araos recollidos na costa lucense.

Unha das hipóteses que se baralla pero que non é patente en tódolos casos, é que a morte das aves se produciu fundamentalmente pola inxestión de crú, procedente presumiblemente do lavado ilegal de petroleiros nas costas galegas, cuestión que había que desentrañar a calquera prezo, se queremos salvar unha ave única.

O ARAO DOS CONS (*Uria aalge*) ESTADO CRÍTICO NAS COSTAS IBÉRICAS

Por AMADEO POMBO EIRIN

No ano 1948, Francisco Bernis valíase de exemplares observados nas Illas Sisargas, provincia da Coruña, para describir a subespecie de Arao común (*Uria aalge*); desde entón ata os nosos días, a evolución desta especie parece estar cada vez máis ligada a unha inminente desaparición.

Inda que hoxe a mencionada subespecie parece quedar asimilada a *Uria aalge albionis* (Bédard, 1985), e polo tanto non recoñecida como *U. a. ibericus*, o que si está patente é que na segunda metade do presente século, desaparece case por completo como nidificante na península ibérica (Bárcena et al., 1984), que configuraría o límite sur da súa área de distribución europea.

Deste xeito temos dúas subespecies de Arao Común:

- Arao Común norteño (*Uria aalge aalge*. Pontopp); este ocupa Escocia, Illas Feroceas e do Oso, Noruega, Mar Báltico, Islandia, Groenlandia e leste de Canadá.
- Arao Común británico (*Uria aalge albionis*. With); que ocupa as Illas Británicas e a península de Bretaña (Francia), e dentro desta atoparíanse os Araos ibéricos, segundo o exposto por Bédard (1985).

Aínda así, a nosa "raza" presenta unha notable diferenza morfolóxica, que a caracteriza e diferencia dos seus parentes próximos do norte, tal é a de posuír o manto da plumaxe pardo achocolatado en troques de negro. (cadro 1)


Cadro 1

Ficha zoolóxica do Arao Común ibérico

Orden	Familia	Xénero	Especie	Subespecie
Charadriiformes	Alcidae	Uria	<i>Uria aalge</i>	<i>Uria aalge ibericus</i>

Os Araos comúns da subespecie ibérica miden ó redor dos 40 cm. de lonxitude e de 70 cm. de envergadura, pesando entre 700 e 800 gramos. Os adultos presentan unha plumaxe nupcial caracterizada por posuír cabeza, pescozo e manto de plumaxe pardo achocolatada, sendo este último carácter distintivo de dita subespecie; o pco é negro coas beiras das comisurasde tons claros, as patas son negro verdosas e as partes inferior-

A nosa fauna



resson blancas tanto en plumaxe nupcial coma invernall, así coma as puntas das plumas secundarias, as cales forman unha estreita liña branca.

En plumaxe invernall, a parte anterior do pescozo e as coberturas auditivas trocan a branco, namentras que unha delgada liña negra sae desde o ollo cara atrás, que é distintiva.

Os individuos xuvenís son semellantes ós adultos, aunque algo menores; adquirirán a súa madurez transcurridos de 2 a 3 anos de vida.

A COLONIA GALEGA

8 eran as colonias históricas de cría que ocupaban os Araos na costa galega nos anos 50: Cabo de Bares, Cabo Ortegall, Ría de Ares-Betanzos, Illas Sisargas, Cabo Vilán, Illas de Ons e Illas Cies.

A evolución destas colonias de cría pódese ver reflexada na Táboa 1. por outra parte, Bárcena (1990), sinala que a poboación pasaría de 3.000 individuos no 1960 a 80 no período 1981-1982, e a tan só 46 no ano 1989.

O C.P.A.N. (1989) da unha estimación poboacional de 20-25 parellas, (Penas *et al.*, 1991).

Xa na década dos 80 somentes subsiste como reproductor en tres puntos da xeografía galega como consecuencia da súa alarmante diminución; dous núcleos situados

Táboa 1.

Evolución da poboación nidificante de Arao común nas oito colonias históricas da costa galega no período 1948-1985. P= parellas (Elab. propia a partir de datos de Bárcena, 1985, e Bárcena *et al.*, 1987)

	C.Bares	C.Orteg	P.Limo	R.Ares	I.Sisargas	C.Vilán	I.Ons	I.Cies
1948	-	-	-	-	660	-	-	-
1960	100	1000	100	100	-	300	36P	400
1975	?	?	?	6-8	32	?	?	?
1981	?	?	?	?	11	?	?	6-7
1982	?	?	?	?	?	63	?	2P
1985	0	0	0	0	6	35-40	0	0

Táboa 2 Evolución da poboación nidificante de Arao común nas Illas Cies no período 1981-1990. P=parellas, I=individuos (Tomado de Arcos,F., 1995, en Chioglossa, Vol.Esp. 1: 54)

Ano	Nº de araos en colonia
1981	6-7I
1982	2P
1983	2-3P
1984	2P
1985	2P
1986	1P
1987	1P
1988	0
1989	0
1990	0

A nosa fauna

na provincia da Coruña (I. Siargas e C. Vilán) e un na provincia de Pontevedra (I. Cies). (Para este último enclave reproductor os datos figuran na Táboa 2).

Os anos 90 parecen presentarse máis que crús para a especie xa que desaparece como niñificante habitual no arquipélago das Cíes, quedando por tanto reegado unicamente á costa coruñesa.

Os datos para esta etapaparecen resumirse en 1-2 parellas tentando reproducirse no alto do "illote Magnánimo" en Sisargas, ó parecer cun éxito reproductor máis ben nulo, e entre 40-44 individuos en datas estivais no Cabo Vilán (Costas *et al* 1994); o cal non quere dicir, necesariamente, que se trate de exemplares estritamente reproductores. Cabería por último ter enconta, que desde hai 3 anos non se censa a especie.

A vista dos datos a extinción do Arao parece máis que evidente se nos percatamos de que os individuos que aínda perviven non son quen de autososterse como poboación, e aténdonos ós escasos esforzos que administración e institucións competentes prestan a unha ave potencialmente ameazada de desaparecer, só cabería esperar un milagre para que unha especie única e irrepitible poidera dar esquinazo á sempre amarga extinción.

Táboa 3. Evolución da poboación nidificante de Arao común no arquipélago das Berlangas no período 1942-1989. P=parellas, I=individuos (Elab. propia a partir de datos de Lockey, 1942, Dela Cigoña, 1989)

Ano	Nº de araos
1942	6000P
1981	75P
1985	53P
1989	57I

Moi lonxe de millorar, vexamos algúns dos desencadeantes que a situaron en tales extremos:

- En algo máis de 30 anos a poboación reduciuse ó 1,5% do número inicial.

- Non existe unha soa colonia que aumentase no seu número, máis ben todo o contrario, xa que nos anos 80 só 3 delas manteñen parellas (I. Sisargas, C. Vilán e Cíes); nesta última desaparecen antes de iniciarse a nova década (Táboa 2).

- A cifra total de exemplares galegos nas mellores das estimas roldaría a cifra de 20-30 individuos.

A COLONIA PORTUGUESA

Estaba asentada no que conxuntamente se denomina Berlangas ou arquipélago das Berlangas, formado á súa vez por 3 pequenos arquipélagos: Farilhoes, illas Estelas e a propiamente dita Berlanga.

Naturalistas anglosaxóns, Tait (1924) e Lockey (1942) foron os encargados dos censos citando o primeiro centos e o segundo a cifra de 6000 parellas de Araos nos acantilados das Berlangas.

Desta cifra pásase a 75 parellas no ano 1981: unha redución ó 1,25% da poboación inicial.

No ano 1985 só ficaban 53 parellas, e catro anos máis tarde, parecen situarse en torno ós 57 individuos (De la Cigoña, citado en Cabrero, J., 1992) cunha tasa de reprodución nula, nese mesmo ano (Táboa 3).

CAUSAS DA REGRESIÓN DOS ARAOS NAS COSTAS GALAICO-PORTUGUESAS

Basicamente foron as producidas por:

- **Contaminación do mar, particularmente por hidrocarburos**, procedentes do lavado e derrame de crú dos petroleiros (mareas negras); especialmente determinantes foron a do "Polycomander" en 1970, "Jacob Maerks" 2975,

"Urquiola" 1976, "Andros Patria" 1979 e "Aegean Sea" en 1992.

- **Mortalidade en artes de pesca;** coa porcentaxe máis elevada nas artes de enmalle (trasmallo e beta), seguido do arrastre e finalmente cerco e palangre.

- **Caza;** tivo considerable importancia ata mediados da década dos 80, hoxe afortunadamente case erradicada.

Outros factores que se lle achacan en maior medida son os de:

- **Sobrepesca;** sobreexplotación dos recursos pesqueiros, coa conseguinte diminución das súas presas naturais.

- **Cambios climáticos;** que provocarían un desplazamento dos recursos naturais (presas) cara outras zonas, o que en último termo, se traduce nun descenso acusado da súa base alimentaria, nos puntos de cría. ■

BIBLIOGRAFÍA

Arcos, F., Mouriño, J., Martínez Mariño, J.M. e Sierra Abraín, F. Notas sobre ecología, mortalidade e evolución de las poblaciones de Arao común (Uria aalge) en el suroeste de Galicia. Chioglossa, Vol. Esp.1: págs.53-59, Coruña 1995.

Bárcena, F., Teixeira, A.M. e Bermejo, A.(1994). Breeding seabirds populations in the Atlantic sector of the Iberian Peninsula. En J.P. Croxall, P.X.H. Evans e R.W. Schreiber (Eds): Status and conservation of the worlds seabirds, págs. 335-345. ICBP Technical Publication N° 2.

Bédard, J. (1985). Evolution and characteristics of the Atlantic Alcidae. En D.N. Nettleship and T.R. Birkhead (Eds.): The Atlantic Alcidae, págs 1-50, Academic Press London.

Costas, R., Pousa, M.G., Taibo, C.B. (1995) en II anuario das aves de Galicia, pág. 36.

Penas Patiño, X.M., Pedreira López, C., Silvar, C., (1991), Guía das aves de Galicia, Bahía Eds.

A explotación dos recursos pesqueiros era un elemento básico da economía e vida social na Galiza dos anos oitenta do pasado século, etapa caracterizada pola expansión do sector. Salienta a importancia do sector pesqueiro e outros próximos, nomeadamente a conserva e salgado, na economía galega do XIX, mesmo como punto de arranque dun agromar capitalista. No conxunto da actividade extractiva, a pesca da sardiña ocupaba un lugar de privilexio, como salienta, por exemplo, o importante fomentador coruñés Benito Maristany (MARISTANY, 1886). Esta situación víuse beneficiada pola crise bretona deses anos, na que a industria punta no sector mundial da conserva de sardiña atopouse co grave problema de falta deste peixe nas súas augas. Apesar da grande importancia da pesca da sardiña na Galiza, salienta a escasa atención que se prestaba ao estudo deste recurso básico, polo que o seu coñecemento ficaba limitado a un empirismo precientífico. Desta despreocupación eran responsables os diversos sectores implicados, como os relacionados coa produción, os representantes políticos galegos e as autoridades da Administración central.

O ano 1886, que sería decisivo para a institucionalización da Biología mariña en varios países europeos, iníciase, no Estado español, con novas sobre o proxecto do Goberno liberal de crear unha Estación de Biología mariña. No verán dese notábel

A PREOCUPACIÓN POLA ESCASEZ DE RECURSOS MARIÑOS

A VISITA CIENTÍFICA DO PRÍNCIPE DE MÓNACO A GALIZA EN 1886

Por A. FRAGA VÁZQUEZ

No verán de 1886 arribaba aos peiraos de Ferrol e A Coruña o barco Hiron-delle. Nel acudía o Príncipe de Mónaco, unha sobranceira figura da recén nada Biología mariña. A visita tiña como razón fundamental estudar a causa da abundancia da sardiña na costa da Galiza, o que motivou interesantes e pouco coñecidas pescudas, ás que faremos referencia neste artigo.

ano, concretamente no mes de agosto, arriba aos peiraos de Ferrol e A Coruña, no seu barco *Hirondelle*, Albert Grimaldi, o Príncipe Albert I de Mónaco. Trátase dunha importante personalidade no desenvolvemento da Biología mariña; despregou unha salientábel actividade, baseada nas exploracións sistemáticas que desde 1884 levaba a cabo nas súas embarcacións e o labor de divulgación e propaganda dos estudos mariños; a súa aportación, nestes aspectos, foi substancial na Biología mariña, e, dalgun

xeito, complementaría coa levada a cabo por Anton Dohrn na Estación de Nápoles. As campañas do Príncipe marcan un cambio cualitativo con relación ás anteriores expedicións mariñas; interesado pola exploración do mar con embarcacións e medios pouco custosos, deseñara aparellos, procedendo á experimentación.

A súa atención á costa galega tiña como razón fundamental a comentada crise da pesca da sardiña na Bretaña, cuestión de extrema gravidade para a floreciente economía dese país. A abundancia do peixe na costa da Galiza animóuno a estudar os motivos que podían orixinar este feito para ver de favorecer a recuperación da pesca na Bretaña. O Príncipe estaba iniciando eses anos as súas campañas. A estancia conlevou unha escala en Ferrol, do 11 ao 18 de agosto, e outra na Coruña, entre o 19 e 22 dese mes. Da visita resultou unha publicación, que apareceu primeiramente como artigo, "La peche de la sardine sur les cotes d'Espagne", na *Revue Scientifique* (MONACO, 1887) e, nese mesmo ano, foi impreso como folleto de 21 páxinas, *L'industrie de la sardine sur les cotes de la Galice*.

O traballo, pouco coñecido é unha testemuña, a xeito de crónica da situación da pesca da sardiña e, en especial, o caso do peirao de A Coru-

Figura 1. Grabado elaborado sobre unha fotografía do peirao coruñés tomada na visita



O meio natural na história

ña. O autor foi atendido polo fomentador Benito Maristany e amosa coñecer a bibliografía mais importante sobre o tema. O Príncipe exténdese nunha descrición sobre a baía da Coruña, instalacións de pesca, e détense sobre xeito de pesca da sardiña. No texto reproduce un grabado moi interesante, no que se poden observar algunhas instalacións do prensado do peixe no peirao da Coruña, un gráfico do que comentaría no seu traballo sobre os resultados das campañas científicas: *Enfin, au cours de la campagne, diverses observations ont été faites, notamment sur la pêche et la nourriture de la Sardine sur les côtes de la Galicie, en Espagne. La figure 2, exécutée d'après une photographie, donne l'idée des presses encore tres primitives employées a la Corogne pour la préparation des Sardines salées.* (MONACO, 1889: 7-8).

Un aspecto ao que adica bastante atención é ao dos movementos das povoacións de sardiña, recollendo as teses de Cornide (movimento de norte a sul) e outras contrarias de Duhamel du Moncaeu, comentando que certos pescadores na Galiza cren ver a sardiña na alta mar. Comenta que el mesmo atopou, a 350 millas da costa, colónias imensas de peixes análogos á sardiña, pola súa talla, pero dos cais non pudo, por falta de mallas axeitadas, sacar nengun espécime. Tamén repara na causa da entrada da sardiña nas costas, en base á información recollida. A información dispoñíbel só lle permite concluir que segue sendo un misterio a súa embrioxénia, lugar de reprodución e os seus movementos migratórios.


Pero, unha das consecuencias directas desta visita sería a realización dun traballo de investigación biolóxica, levado a cabo por dous dos seus acompañantes, expresamente ocupados dese labor. Trátase do especialista en Bioloxía mariña G. Pouchet, que traballaba na Estación de Concerneau e o naturalista Jules de Guerne, auxiliar científico en Zooloxía dos estudos do Príncipe, membro da dirección da prestixiosa *Société Zoologique de la France*. O resultado desa investigación será un artigo, "Sur la nourriture de la Sardine", publicado polas *Académie des sciences* e reproducido, en español, na *Revista de Pesca marítima* (POUCHET &



Figura 2. Flotador que utilizaba o Príncipe de Mónaco para as súas pescudas oceanográficas

GUERNE, 1887). Este traballo, moi pouco coñecido pola bibliografía española e galega, pode considerarse o primeiro realizado sobre a Galiza, desde un punto de vista da Bioloxía mariña moderna. Os autores explican que levan anos estudando a alimentación da sardiña, desde 1874, no laboratorio de Concarneau, en base á observación dos contidos presentes nos intestinos dos peixes. A diferenza que observan na alimentación das sardiñas nas costas galegas faílle concluir, sen ser de xeito terminante, que niso pode estar a base da notábel presenza deste peixe na Galiza. O Príncipe asume esa interpretación, e indica que *Certainement, la cote française ne présente aux sardines qu'une faible partie des conditions physiques et de la protection susdites* (MONACO, 1887: 518). Refírese a que en comparación coa Galiza, na Franza a sardiña non dispuña de fonte tan abundante de alimento da costa; ademais, indica que o mar era menos calmo, e tiñan, pola contra, a desfeita dos fondos, da erva para freza, polas redes de fondo; coída que a falta de regulamentación axeitada e o uso dunha malla menor nas redes, favorecen a desaparición da sardiña na Franza. Por todo iso, as conclusións desa exploración, expresadas con reservas,

Figura 3.



apontan algunhas medidas nese sentido: reducir as redes de arrastre de fondos, proteccións dos alevíns, malla máis grande, talla mínima, controlo de peixe clandestino,... Estas propostas, que incorporan termos de grande actualidade, á marxe da súa corrección concreta, amosan como a explotación racional dos recursos entraba nunha fase distinta. Unha etapa na que o estudo científico cuantitativo se converte nunha ferramenta básica para deseñar as políticas extractivas. Poroutra banda, cómpese suliñar que estes traballos ficaron sen atención na Galiza, algo lóxico pola carencia, na época, de institucións e persoas adicadas aos estudos mariños. ■

BIBLIOGRAFÍA

MARISTANY, B. (1886). *Rápidos apuntes sobre la pesca de la sardina en Galicia*. La Coruña, Tip. "El Alcance", 12 pp

MONACO, Prince Albert de (1887). *La pêche de la sardine sur les cotes d'Espagne*. *Revue Scientifique*, 17: 513-519. (1889). *Résultats des campagnes scientifiques du yacht "Hirondelle"*. Paris.

POUCHET, G. & GUERNE, J. de (1887). *Sur la nourriture de la Sardine*, *Comptes rendus de l'Académie des sciences*, 7-III-1887. [Alimento de las sardinas, *Revista Pesca Marítima*, III: 347-350.]

MANUEL MARIA:

A VOZ NATURAL DUN 'LABREGO CON ALGO DE POETA" (e V)

Por EMILIO XOSÉ ÍNSUA

Imos pór remate, coa presente entrega, a este percorrido que fixemos en varios números de CERNA pola obra poética do Manuel Maria. Oxalá teña sido agradábel para o leitor/a este pervagar polos textos dunha das figuras fundamentais da nosa poesía contemporánea. Agardamos ter deixado ben patente, ao longo das cinco entregas, a existencia dun tesouro de sensibilidade e de beleza naturais na obra do "cantor da Terra Chá".

É-lle un tema moi grato ao Manuel Maria o das diferentes estacións do ano. Non só pola diferente coloración paisaxística que poidan presentar ("Vanse despin-do as arbres amodiño, / derramando, a bocados, seu tesouro: / follas de prata, recamadas de ouro, / nun solpor alampado e mareliño", escribe sobre o outono), senón tamén tomadas como metáforas ou símbolos de vivencias e sentimentos do autor, como espellos do ton sentimental dominante no poeta nun intre dado. Así, en **A primavera de Venus** (1993), o cantor chairego louba, entre marabillado e reconfortado, a capacidade de rexeneración da natureza, opoñendo-a á dinámica xeral de destrución imperante:

"No mundo é sempre Primavera.
Sempre. Sempre.

Por moito
que queiran e que o intenten
prohibila, afogala, asesinala
rexurde xoven, pura, inmaculada,
inocente, incontíbel, poderosa (...)"


En **Poemas ó outono** (1977), pola súa banda, expresa neste soneto que reproducimos un estado de harmonía, de equilibrada contemplación, de madurez propia de quen non ten atrofiada en absoluto a súa sensibilidade e logra captar as profundas mensaxes dunha natureza viva e cambiante:

"Outono vai con xeito, paso a paso,
vestindo toda a terra de tenrura,
apagando con ouro e luz madura
os vermellós acesos do ocaso.
As perdices montesas voan raso.
Os boscos son canción e fermosura
e fálanlle ó río con voz pura.
O río, distraído, non fai caso.

Todo ten, no Outono, norma e peso:
dende o flebe mencer á dura laxe
e dende o xaramago até o codeso.
Deume ó fin, Outono o seu mensaxe:
un namorado corazón aceso
a latexar no esprito da paisaxe".

Ás veces a visión estacional cobra un ar saudoso, melancólico, de evocación de mundos ou momentos definitivamente perdidos para o poeta:

"un sinte nostalxia daqueles lentos
solpores de setembro, xordamente
sonoros como un zoar de abellas,
que caían no Miño, dourados
e leviás, enchendo ao noso corazón
dunha dozura morna e sotilísima (...)"



A natureza na literatura

Noutras ocasións, como acontece no libro **Compendio de orballos e incertezas** (1991), a ollada de Manuel Maria sobre a sazón correspondente pretende ser, antes que nada, un exercicio de marabillamento diante do "miragre" da vida sobre o planeta:

"A choiva cai silenciosa / sobor da terra calada que, ao sentirse mollada, / se lle entrega garimosa. A terra e a choiva son / unha parella exemplar pois ambas fan agromar / a flor e froito en sazón. A terra pídelle a choiva / fertilidade e mornura. ¡E a choiva, toda ternura, / ponlle o seu veo de noiva!"

Esta mesma sensación de marabillamento aparece neste poema de **Mar Maior** (1963), onde a natureza é presentada como un ser vivo capaz de expresar cos seus propios medios certos sentimentos:

"A terra fala nos paxaros e na luz, na pureza dun canto, esvaído e tristeiro. Agarda polo maino sorrir do sol e polo aloumiño garimoso das choivas pra frolecer calada en novas sementeiras (...). A voz da terra é ela mesma. Unha dor que non lle cabe na alma nin no peito e agroma en arbore, en ave, en carpaza, faise mar e río cando quere chorar (...)"



E tamén topamos ese ollar extasiado ante o discorrer máxico da terra nun texto do, por agora, último poemario publicado do noso escritor, **Poemas pra dicirle a dúas lagoas**:

"¿Que voz docísima canta no máis fondo da Lagoa de Cospeito para que as ondas vibren, e collidas da mau, executen unha danza insólita, maina, xentil e leve como o aire? ¿Que son máxico move e fire levemente ás delicadas augas, desfacendo a súa quietude anugallada, enchéndoas de alegría, forza, paixón, amor e vida?(...)"

Nalguns poemas, o noso escritor revela unha especial desquerencia cara á realidade do "xardín", definida por el mesmo como "un intento inútil / de pôr-lhe á beleza disciplina (...)". Valla a xeito de exemplo a "*Canción pra un xardín abandonado*":

"Neste anaco minúsculo do mundo, un día lonxano, o artificicio e a pequena beleza regulada, reinaron efimeramente. Buxos, roseiras, mirteiras, camelios e magnolios froleceron sometidos a dura disciplina. A auga torturada discurría por canles artificiais e a súa patética canción era laio de dor e sobresalto. Aitualmente este xardín é un caos no que a vida agroma poderosa e en desorde. O seu aspeito de ruína ten un ar insólito e romántico: agora a sagra hedra aberta ao buxo. E a auga canta a súa alegría ceibe e venturosa."

Xa noutra orde de cousas, temos que sinalar que a persoa de Saleta, compañeira inseparábel do Manuel Maria, protagoniza unha mancha de versos, moitos dos cais a relacionan directamente co entorno natural. Unhas veces pola integración dos dous namorados nun entorno natural idílico, na mellor tradición do "locus amoenus" clásico. Outras, por comparación física dos seus atributos con elementos paisaxísticos. Un exemplo do primeiro caso temo-lo nestes versos pertencentes ao poemario **Aldrax contra a xistra** (1973):

(...) "Saleta que, como sempre, / ven comigo nestes versos, faime compañía / e perdémonos entre os vilares de trigo / i as agras de centeo, que recenden a frol / i a seiva fecundada. Imos entre milleirales / cor de seda e leiras sementadas / de patacas, cheas de froles / brancas i azuladas."

A natureza na literatura

Alonxámonos entre vides / que se apropián do ouro
alcendido do solpor, / mentras as cepas barrocas
se van retorcendo / máis e máis
en xeitos complicados / e increíbles.
Contempramos os verdes / infindos dos lameiros.
A paz adónase de nós, / a fermosura colma
o noso anxeio / i a armonía do mundo
é tan xusta / que semella imposible
máis beleza. / Esta é a nosa terra.
O lugar que / nos deron pra nacer.
A patria que nós / escollemos
pra vivir / e morrer."

Do segundo caso, da comparación de Saleta con elementos naturais, dá boa mostra este fragmento de **Poemas da labarada estremecida** (1981):

"(...) Eras como unha brétema soñada
que viñera dende o fondo dos séculos
e se encarnara
no teu doce corpo de muller.
Tiñas a gracia lanzal da abidueira.
O teu andar xentil
semellaba o ondear da bris
nas grandes e escuras centeeiras.
A tua cor de uz e de carpaza
dáballe pureza á soedade.
Falabas coa voz de cen regueiros
sinxelos, transparentes, musicales.
O teu recendo era como o da terra
lenturenta, arada de recén (...)."



O mesmo mecanismo comparativo é utilizado por Manuel Maria para referir-se á xente da súa terra natal, Outeiro de Rei, nestes versos correspondentes a dous poemas do libro **Ritual pra unha tribu capital de concello**:

"A tua xente, Outeiro, era natureza
pétrea e vexetal: os petrucios
como rellas de arados. As vellas
firmes e caladas, pegadas ao chao
como carpazas. Os homes semellaban
carballos. Abidueiras as mulleres.
Os mozos buxos e loureiros.
Camelias perfeitas as rapazas (...)

"Esta sometida, estrana xente miña,
misteriosa néboa impenetrábel,
feita de xisto, auga, carqueixa,
escuridade de loureiro, brancura
e recendo de froles de cerdeira,
asentada na tribu como un penedo
ou un carballo vello furado
polo tempo e o peto (...)."


A figura doutra muller especial na vida do poeta, a **mai**, tamén é vista baixo este prisma:

"Semellábaste ao toxo, a carqueixa
e a carpaza. Áspera por fora,
coa tenrura aberta cara adentro,
poderosa e agresiva como o ouro
rabioso e incendiado das chorimas(..)
¿Que penedo
ou carballo che entregaron enteireza
e resistencia pra que poideras
soportar desgracias e traballos
e enfrentarte coa vida cara a cara?"

A ollada garimosa de Manuel Maria sobre determinadas persoas ten o seu complemento nunha visión igualmente cálida sobre as pátrias que son reveladas na paisaxe. Manuel Maria soubo captar nela o ser dos pobos. Do galego, desde logo ("as arbres / os camiños, / os penedos, / os ríos, / os cruceiros, / gardan a lembranza / daquelo que nunca / poderemos esquencer / porque é o que / nos fai sentir pobo"), pero tamén doutros polos que acabará sentindo unha fonda solidariedade. Tal amosa o seu **Laio e cramor pola Bretaña** (1973):

"(..) Dependín no alfabeto das nubes vagamundas,
no verdor dos prados,
nas olladas melancónicas das xentes,
que a Bretaña é unha patria (...)
Os meus ollos ollaron campos verdes,
toxos resiñados,
xestas da cor da mágoa,
castiñeiros en diálogo co vento,
piñeiros erguidos como lanzas inútiles
en loita continuada contra a choiva,
carballos señardosos con saudade. (...)
rebélate contra a choiva que te molla,

A natureza na literatura



contra o nubeiro que apedrea as túas colleitas,
ergue a testa,
olla cara a cara ós teus nemigos,
envólvetes no teu mantelo verde,
pon un cañón en cada arbre,
un coitelo en cada espiña de toxo (...)."

Esta combinación de identificación na pátria máis comuñón coa paisaxe que a sostén translucirá-se tamén no libro **Poemas pra construír unha patria** (1976), concretamente no "*Poema/invocación ós diversos elementos da paisaxe*":

"Vento lene e rumoroso que marmulas
as estrofas dun poema de loita;
xogos do luar nas carballeiras
inventando medos e pantasmas;
toxos de espiñas aguzadas
coitelos ferindo a nosa dor;
abidueiras finas como anxeios;
robustos carballos destemidos
desafiando neves e tronadas;

castiñeiros de mel que agarimades
con tenra dozura, os ollos meus;
rímico ondar das centeeiras
con música de verso namorado;
verde-tenro-aceso dos lameiros;
verde-escuro-apagado das xesteiras;
ouros incendiados dos solpores;
bruídos potentes do mar alporecido;
silencios inmensos como o mundo
berrade,

erguédevos,

loitade

deica que, todos xuntos, academos
a liberación nacional da nosa patria".

Para rematar, subliñaremos que hai na última poesía de Manuel Maria uns (cada vez máis frecuentes) chamamentos para un ecoloxismo activo e para unha reconciliación do ser humano co entorno natural. O noso poeta pede que o pobo "(...) acompañe o rimo da súa alma / ás formas milagreiras da paisaxe, / que escoite o zunido que fan as aves / cando sucun o aire trasparente (...), ou manifesta necesidades ecolóxicas urxentes, como esta:

"Hai que volver a auga, purificala,
facela de novo humilde, casta
e transparente, librándoa de lixos
e torneiras pra que corra por nós
dicéndonos a súa canción de luz
e soño, a súa mensaxe de gracia
e de frescura (...)"

Tamén adopta tons de íntima confesión, deste estilo:

"Reconcíliame coa pureza da auga,
co mistério tremente da fraga,
coa terra, coas nuves e as estrelas (...)"

ou, finalmente, aconsella con toda a lucidez, nun chamado que facemos noso:

"Reconciliádevos coa terra,
coa pura espiritualidade
da materia que sinte, ama
e odia: só ela fai os altos,
fondos sentimentos humanos (...)
Deixade que o voso corazón se abra
á beleza deste noso mundo
tan carnal, amigo e amoroso:
á luz clara e máxica dos días,
ao engado das noites,
á música de toda a creación (...)
Amade sempre á nosa terra nai
e cada vez seremos máis humanos
e cecáis poderemos comprender
que só o amor nos leva ao éstase:
único xeito de unión
coa plenitude total do universo". ■

O MODELO DE TRANSPORTE A DEBATE CONSECUENCIAS SOCIAIS E AMBIENTAIS

LUGO, 11 e 12 de Maio

(Información: ADEGA,
Tel. e Fax: 981-570099)

Sob o título de " O MODELO DE TRANSPORTE A DEBATE: CONSECUENCIAS AMBIENTAIS E SOCIAIS", ADEGA plantea-se contribuir a incrementar a conciencia da sociedade galega sobre o grave impacto ambiental de tipo local e planetario que o actual modelo de transporte conleva: impacto paisaxístico, erosión e deterioro dos recursos hídricos, ocupación do solo e perda de terras fértiles, degradación de ecosistemas, contribución á extinción de especies, incremento das emisións contaminantes, efecto invernadeiro e cambio climático, consumo despilfarrador de materias primas non renovábeis, etc. Non se trata dun debate teórico, senon dalgo que nos atañe moi de perto: destrución do Val do Neira, destrución



das Pozas de Melón e das Fragas de Toén, amiaza sobre o Morrazo e a Enseada do Umia, sobre a Serra do Candán, sobre a serra dos Ancares e Caurel, etc.

Aliás destes aspectos, nestas Xornadas pretende-se afondar na outra cara desta mesma moeda: o debate sobre uns medios de transporte adecuados ás necesidades sociais e económicas do país, respectando os límites ambientais, e adaptando-se ás características naturais e poboacionais galegas; ou o peso do transporte nas economías actuais: transporte e desenvolvemento.

Prestará-se atención ás alternativas ao modelo de transporte hoxe predominante, especialmente ao potenciamento dos camiños de ferro, e ao enfoque da educación ambiental como ferramenta imprescindible para unha solución real e sustentábel ao problema do tránsito. ■



PROGRAMA

Conferenciantes convidados e temas:

Manuel Soto Castiñeira

Secretario Xeral de ADEGA, Profesor Titular de Enxeñeria Química na Universidade da Coruña.

"O IMPACTO AMBIENTAL DOS PROXECTOS DE INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE NA GALIZA"

Joam Carmona Badia

Catedrático de Historia da Economía, Universidade de Santiago de Compostela.

"TRANSPORTE E DESENVOLVIMENTO ECONOMICO"

Fernando Nevot

Consultor ambiental, Madrid.

"A RECONVERSION ECOLOXICA DO TRANSPORTE NO ESTADO ESPAÑOL" (Avaliación dos costes externos das diferentes modalidades de transporte).

Pedro Alonso

Licenciado en Bioloxía. Consultor Ambiental, Vigo.

"ESTUDOS DE IMPACTO AMBIENTAL DE AUTOVIAS, AUTOESTRADAS E VIAS RAPIDAS"

Luis Pérez González

Membro do taller de Educación Ambiental do ICE, Universidade de Santiago de Compostela. Impulsor da Plataforma en contra da Vía Rápida do Morrazo.

"A EDUCACION AMBIENTAL NO TRABALLO POR UN MODELO SUSTENTABEL DE TRANSPORTE: UNHA EXPERIENCIA CONCRETA"

MESA REDONDA: MOPTMA, Xunta de Galicia, Mesa Galega polos Camiños de Ferro, Amigos do Ferrocarril, Colectivos de Afectados por Infraestructuras de Transporte.

"PREVENCIÓN AMBIENTAL E ALTERNATIVAS DE TRANSPORTE NA GALIZA"

EXPOSICIÓN: "TRANSPORTE E MEIO AMBIENTE NA GALIZA"

ROTEIRO: "VISITA AO VAL DO NEIRA E AOS ANCARES"

ADEGA DISTRIBUIU PERTO DE 1000 ACIVROS

Na campaña do Natal ADEGA puxo a venda en diferentes concellos plantas de acivro procedentes do viveiro VIDEGAL cun tríptico no que se explicava a importancia desta árbore así como as técnicas para plantá-la no monte e os cuidados que lle hai que propiciar se un decide manté-la na casa ou xardín. Neste momento aínda fican algunhas plantas no local de ADEGA polo que os interesados en adquirir algunha poden pasar polo mesmo, as plantas veñen en maceta polo que a súa supervivencia está garantida mesmo nos meses de verao.

Ante o éxito desta campaña, ADEGA pensa continuá-la nos vindeiros anos, está en estudo a súa extensión a outras especies tamén amiazadas. ■



A DELEGACION DE ADEGA DO BOQUEIXON EDITA O SEU PRIMEIRO BOLETIN

Neste boletín os membros desta delegación informan-nos dalgúñas das actividades desenvolvidas por eles naquela comarca: sobre a concentración parcelaria, tratamento do lixo, recuperación de árbores autóctonas, etc...acompañadas por xugosas receitas de cociña e información histórica. Non estaría de máis que o exemplo inzara por toda a xeografía galega e que todas as delegacións contaran cun órgano de información semellante, que completaría a que se distribúe a través de CERNA e dos boletíns da directiva nacional, e sen dúbida faría chegar ás nosas propostas a un maior número de pesoas. ■



SEGUNDAS XORNADAS AGROFORESTAIS EN LUGO

O colectivo Leira ven de organizar para os días 18 de Abril a 2 de Maio estas xornadas co patrocinio da Universidade de Compostela. É de destacar o esforzo deste grupo por promover foros de discusión para un desenvolvemento sosteñible do agro galego. Estas xornadas a celebrar na Facultade de Veterinaria Lucense tratarán diferentes temas: Residuos Agroforestais por Xesus Pereiras (de Adega), Caza e Conservación por Luís Costa (do Servizo de M.A.Natural), Gadeiría extensiva-ecolóxica por Luciano Sánchez (Decano de Veterinaria), Denominación da Agricultura Ecolóxica por Xosé Mouriño (Servicio de Industria e Calidade Alimentaria) e Uso Integral do Monte por Antonio Rigueiro (Profesor da Politécnica). ■

NO MES DE XUÑO VAISE CELEBRAR O CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE ESTRATEXIAS E PRATICAS EN EDUCACION AMBIENTAL



INSCRIPCIÓN

As persoas que desexen participar deberán formalizar a súa inscrición no boletín anexo remitíndoo xunto coa copia da transferencia bancaria á Secretaría Técnica do Congreso (Vixas Atlántico).

As cotas, modalidades de inscrición e datas son as seguintes:

Antes do 20 de Abril de 1996:

Ordinaria: 20.000 ptas.

* Reducida: 12.000 ptas.

Despós do 20 de Abril de 1996:

Ordinaria: 25.000 ptas.

* Reducida: 15.000 ptas.

A inscrición rexístrase segundo orde de recepción. Este criterio manterase para a adscrición dos participantes ós grupos de traballo (máximo 60 persoas por grupo).

* Para ter acceso á cota reducida débese acreditar a condición de estudante (almatado de 1º e 2º ciclo) ou parado.

INFORMACIÓN

Para calquera información sobre o Congreso, dirixirse a:

Carmen Morán: tfo. 981-56 31 00. Ext. 2642

Fax: 981-56 34 89

Pablo Meira e Lucía Iglesias: tfo. 981-56 31 00. Ext. 3747 e 3745

Fax: 981-53 04 38

Frances McDermott (ERTCEE): tfo. 44-1274 385 991

Fax: 44-1274 385 891

CORRESPONDENCIA:

Os trámites relacionados cos inscrición e aloxamento realizaranse dirixíndose á Secretaría Técnica do Congreso:

Vixas Atlántico

Congreso Internacional

ESTRATEGIAS E PRÁCTICAS EN EDUCACIÓN AMBIENTAL


Praza de Fuenterrabía, 3

15702 Santiago de Compostela (España)

Tfo. 981-56 58 99

Fax: 981-56 19 51

II XORNADAS AGROFORESTAIS



INTRODUCCIÓN A LA HISTORIA DE LAS AGUAS MINERALES DE GALICIA

DE FAUSTO GALDO

O Seminario de Estudos Galegos-Edición do Castro editou recentemente unha monografía sobre a historia das augas minerais de Galiza. O autor deste volume de case catrocentas páxinas é o doutor Fausto Galdo, médico reumatólogo do hospital "Juan Canalejo" da Coruña e activo dinamizador e estudoso da cultura no seu pobo natal, Viveiro.

O doutor Galdo, que xa se ten asomado ás páxinas de CERNA para tratar o tema que nos ocupa, presenta agora, convenientemente reelaborados, os materiais que serviron de base á súa tese de doutoramento, presentada e defendida na Universidade compostelá e que recibiu a calificación de "apto cum laude".

Froito dun interese que se remonta ao ano 1979, o traballo persegue, como ben sinala o prologuista doutor Jorge Teijeiro, un triple obxectivo: localizar e caracterizar as fontes de augas mineralo-medicinais galegas, facer un breve repaso sobre a historia desas fontes e, finalmente, achegar notas biográficas e bibliográficas sobre diversos personaxes relacionados coa hidroloxía e co mundo dos balnearios galegos.

A obra está dividida en cinco grandes capítulos. No primeiro, o autor sinala os obxectivos, fontes e metodoloxía do seu labor. No segundo capítulo leva a cabo un repaso histórico, tal vez un tanto engoroso en ocasións, das diversas referencias á riqueza de manantios mineiro-medicinais galegos dende épocas prehistóricas até o século XVIII. Unha completísima bibliografía vai coroando o tratamento de cada unha das etapas históricas consideradas.


O terceiro capítulo revela-nos o inxente traballo de localización, análise e caracterización realizado polo doutor Galdo, ofrecendo un auténtico censo de manantiais. O noso autor divide Galiza, hidroloxicamente falando, en nove rexións: Montaña de Lugo; Lugo Centro e Terra Chá; Vales Centrais de Lemos e Sil; Mariñas das Rías Altas; Terra de Santiago; Rías Baixas; Baixo Miño-Ponteareas-Condado; Ourense-Ribeiro-Orcellón e, por último, Sureste ourensán-Monterrei-Verín. En cada unha destas rexións sinala a existencia de manantiais e balnearios, coas súas características (ferruxinosas, sulfurosas, frias, quentes, etc.) e historia propias. A ordenación alfabética destes materiais facilita, sen dúbida, a consulta e rápida localización. O doutor Galdo, cun criterio que compartimos, adica maior espazo e atención a aqueles manantiais ou balnearios máis representativos e importantes de cada unha das rexións hidroloxicas que distingue. Fala-nos así por extenso dos do Incio, Lugo, Guiltiriz, Mouriscados (Chantada), Arteixo, Carballo, Caldas de Reis, Cuntis, A Toxa, Catoira, Pontecaldelas, Mondariz, Caldas de Tui, as Burgas ourensás, O Carballiño, Bande, Baños de Molgas, Verín...

O cuarto capítulo leva por título "Hidrólogos galegos" e consiste nunha sorte de dicionario de personaxes relacionados co mundo dos balnearios e das augas minerais galegas.

Polas sesenta e tres fichas bio-bibliográficas que compoñen este capítulo desfilan médicos, directores de balnearios, analistas, divulgadores, xeólogos, etc. Entre os citados figuran persoeros como o vilagarcían Roque Carús, o santiagués Gil Casares, o xeólogo de Laxe Isidro Parga, o viveirés Nicolás Taboada Leal, o muradán Antonio Novo Campelo e moitos outros.

Pecha este volume un quinto capítulo no que se recolle unha extensísima bibliografía hidroloxico-médica de Galiza, dividida en catro apartados: manuscritos; hidroloxía xeral; arqueoloxía, xeografía, libros de viaxes, historias locais etc. relacionadas co tema; e, finalmente, hidroloxía específica de Galiza.

É este un volume que ha interesar tanto a persoas especializadas na materia (médicos, empresarios dos balnearios, pacientes, naturalistas...) como aos que sintan simple curiosidade por coñecer algo máis acerca desta vertente peculiar da medicina e da cultura do "país das augas". Mágoa que, por esta vez, non poidan facé-lo en idioma galego. EMILIO ÍNSUA ■



ESPACIOS NATURAIS DE GALICIA 1 Provincia de A Coruña

Carlos Romero Rego, Pilar Martínez Martínez, Susana Reiriz Vargas e Eva Vales Mosquera
Bahia Edicións, A Coruña, 1995

Este interesante libro ven incidir sobre un tema que esta de verdadeira actualidade como é o inventariado, delimitación e descrición dos principais espazos naturais do noso País. Este é o primeiro dunha serie de catro, un adicado a cada unha das provincias galegas.

Seleccionan-se neste caso 24 espazos naturais segundo unha serie de criterios entre os que sobrancean a súa importancia xeolóxica, paisaxística, faunística -sobre todo no referente aos vertebrados-, botánica e, por último o seu interese arquitectónico, histórico ou cultural.


De cada espazo ofrece-se en primeiro lugar un mapa, despois localízase a zona xeográficamente e se indica de que maneira pode un acceder a él. A continuación detalla-se un itinerario a través do cal se pode observar o máis salientable da zona. Por último se indica que aspectos lle cofiren interese: zoolóxico, paisaxístico, botánico, etc.

Nos parágrafos seguintes faise unha coidada descrición da xeoloxía, da flora e vexetación e da fauna do espazo natural para rematar cuns comentarios sobre o grao de protección, se é que o ten, e sobre as ameazas que sofre.

Ainda que moitos seleccionaríamos unha boa parte dos espazos elixidos neste libro, loxicamente outros non reunirían o mesmo consenso e dificilmente dous autores coincidirían en elixir as mesmas áreas. Tendo isto presente, semella perfectamente aceptable a relación de espazos naturais seleccionados. So habería algún detalle a significar como, por exemplo, que as gándaras de Melide, que como indica o libro son interesantes desde o punto de vista xeolóxico e botánico, non son precisamente os ecosistemas de maior interese biolóxico na área de Melide senon que as áreas de solos esqueléticos das áreas máis térmicas da zona presentan un maior interese biolóxico por vivir nelas un grande continxente de flora endémica.

Remata o libro cun glosario de termos e unha relación bibliográfica.

Finalmente, parecería escusado dicir que libros deste tipo son básicos para que cada día mais xente se interese por coñecer e coñecer o noso entorno natural algo do que infelizmente aínda non andamos sobrados na Galiza. ■ S.O.



Para a defensa da natureza COLABORA CON ADEGA

Cada día, a natureza está mais amiazada e mais degradada.

A contaminación e os residuos fan casi imposíbel unha vida san.

O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en enormes rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: camada de ozono, efecto invernadoiro e cambio climático, amiaza nuclear, desertización, redución da biodiversidade...

Cumpre actuar xá. Na Galiza tamén.

Fai-te sócia/o

Se es sócio...

- Das-lle forza ao ecoloxismo e fas posíbel os seus proxectos de defensa da natureza.
- Apoias unha via alternativa de desenvolvemento ecolóxico e galego.
- Loitas contra a contaminación dos ríos e os mares, do solo e do ar.
- Favoreces a conservación dos espazos naturais, da flora e da fauna.

e ademais...

- Recibirás puntualmente CERNA, Revista galega de ecoloxía e meio ambiente.
- Estarás ao día a respeito das actividades que organiza Adegas nas que, cando non sexan gratuítas, terás desconto.
- Poderás beneficiarte dun desconto no material bibliográfico de que dispón a Asociación.

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Rúa de Touro, 21 - 2º
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf. y FAX: (981) 570099

Boletín de inscripción

Apelidos..... Nome.....
Data de nacemento.....Profesión..... NIF.....
Enderezo: Rúa..... Núm.....
Localidade.....Provincia.....Teléfono.....

CUOTAS Socia/o

(inclúe a suscripción á revista "Cerna")

- Xuvenil, estudantes, parados (600 ptas./trimestre)
- Normal 1 trimestre (1.200 ptas.)
- Normal 1 ano (4.800 ptas.)
- Superior (indicar cantidade:.....Ptas.)

Suscripción á revista "Cerna"

- Suscripción anual (4 números) 1.500 ptas.

FORMA DE PAGO









- Talón adxunto
(Núm.....Banco.....)
- Xiro Postal
(Núm.....Data.....)
- Domiciliado
Banco ou Caixa.....
Sucursal/localidade.....
Núm. de conta.....
Titular.....

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa de Galicia (ADEGA), con cargo a m ña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Asdo.:.....

Consigue os números atrasados, infórmate no local de ADEGA
(rúa de Touro, 21-2º - SANTIAGO. Tfno.: 57 00 99)

Cerna



cerna, a túa revista, naturalmente